

AÑOS

Xacobeo

Nº 6 - Especial
Agosto 2002

ASOCIACION CULTURAL-GASTRONOMICA

PineirÓns



A MOEDA COMPOSTELÁN NAS TERRAS D'AROUZA

Por: Javier Fernández Soutullo



Esta historia ben pudo comezar no ano 42 d.C. en Xerusalén, cando o rei Herodes Agripa mandou martirizar e logo decapitar ó Apóstolo Santiago. Foron dous dos seus achegados discípulos quen, no porto de Jaffa en Palestina, embarcaron o seu cadaleito nunha viaxe ata Occidente (que supería un xiro na relixión católica) sendo, un enclave humilde e fermoso como Compostela, destino final do que hoxe é o noso Santo Patrón.

Séculos de historia e devoción relixiosa non quixerón deixar pasar a ocasión de pisar as terras arousás da antiga illa do Grove na súa singradura histórica.



Necrópole de Adro Vello. San Vicente de O Grove

Consta xa que no ano 600 existiu nestas terras unha comunidade cristiá en “*San Vicente de los Groves*”. No ano 1985, nunhas escavacións arqueolóxicas realizadas na necrópole Galaico – Romana de “*Adro Vello*” en San Vicente do Grove

e dirixidas polo Dr. A. Carro, entre moitos outros obxectos e osarios, atopouse unha moeda que, á postre, acadaría un significado fóra do corrente.

Esta, cunhas medidas de 13,5 x 0,33 mm. foi acuñada na ceca Compostelá e fai referencia, no seu anverso a un león rampante con cruz patada, coa lenda: “*FERNANDUS REX*” por aqueles tempos rexente do reino Galaico – Leonés.

No seu reverso, a translación marítima desde Jaffa (Palestina) ata Iria Flavia (Padrón – A Coruña). Esta moeda pasa a chamárselle “*MEDIO DIÑEIRO DE FERNANDO II DE LEÓN*” e nela fáisenos clara referencia á presencia dos discípulos do Apóstolo, Teodoro e Anastasio, protagonistas da translación apostólica, nas terras do Grove, e a súa singradura polo mar da ría de Arousa.

Ata a actualidade non se atopou ningunha moeda das mesmas características, nin tan sequera o lugar onde foi acuñada, pois tampouco atoparon restos da denominada ceca Compostelá, ánda que si documentación e outro tipo de acuñacións monacais.

Hoxe en día está exposta e custodiada no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela e forma parte importante da colección numismática do museo da Catedral de Santiago.

Teremos en conta que estas terras coas súas vilas e igrexas, foron unha doazón á Mita Compostelá feita polo rei

Alfonso III con motivo da consagración da Basílica II^a o día 6 de maio do ano 899, e co lema latino “*ECCLESIAM S/(an) c(t) i VICENTII in insula ocrove*”. O motivo fundamental desta doazón non foi outro que o de axudar con propiedades e impostos

parellos ó custoso financiamento da obra da catedral.

Por aquel entón, un dos privilexios excepcionais dos que disfrutaba a Mitra Compostelá, era o da posibilidade de acuñar moedas, tarefa que no reino Castelán – Leonés estaba baixo o exclusivo control real. A diferencia doutras áreas como a Francesa, en Castilla – León non se desenrolou a posibilidade de acuñar moeda pola nobreza laica ou relixiosa.

De alí a importancia dunha concesión semellante á Catedral Compostelá. Estedereito foi obtido polo arcebispo Gelmírez do rei Alfonso VI ó final do seu reinado. A posibilidade de acuñar moeda estivo directamente relacionada cos inconvenientes económicos da construción da catedral, como se manifesta na coincidencia temporal da ceca compostelá coa realización dunha parte importante do edificio catedralicio e o ofrecemento ó mestre Mateo dunha parte dos beneficios. Este é un feito basicamente coxuntural no que tamén interveu o peso político, económico e social alcanzado pola Mitra Compostelá.


A pesares da dependencia das disposicións monetarias comúns a todo o reino, a moeda compostelá ofrece, en ocasións, unha iconografía propia na que destaca a translación do Corpo Apostólico; este é o seu sinal de identidade, segundo nos conta a lenda do seu reverso: “*IACOBI, BEATI. A VORI, ou APES, CIIACOBI*”.

A presencia pois das moedas nos ámbitos relixiosos non era un feito estranxo, era ben coñecido o seu uso como ofrenda penitencial. Tamén constituía unha forma material de expresión do sentimento relixiosos que naquelas xentes e tempos estaba vencellado a unha cultura e tempo determinados.

As moedas reflectiron a importante vida económica que se desenrolou ó redor do culto Xacobeo e, ó mesmo tempo, permitiu o crecemento das zonas e vilas con relación a este acontecemento histórico. Dende o descubrimento do Sepulcro Apostólico, as moedas estaban en relación directa, non só coas comunidades laica ou relixiosa, senón tamén con comerciantes, peregrinos, artesáns, acuñadores de moedas, etc. Todo formaba parte dunha sobrecargada vida socio – económica da Compostela Medieval por onde circulaba unha grande parte da riqueza dunha Europa fragmentada política e militarmente, pero que



ANVERSO



REVERSO

Debuxo da moeda atopada na necrópole de Adro Vello

acudía con frecuencia ás peregrinacións Compostelás.

Esta serie de movementos relixiosos, sociais e culturais, redundaron no progreso de moitas zonas de Galicia do medievo e a comarca do Salnés non foi allea a estes movementos, pois foi época de expansión cultural, económica e social.

O TEMA DA AAVARICIA XUDEA NO PROGRAMA ICONOGRÁFICO DE SAN SALVADOR DE FERREIRA DE PANTÓN

Por: Teresa Moure Pena

A cabeceira románica do templo medieval do antigo mosteiro de San Salvador de Ferreira de Pantón (Lugo) presenta un programa iconográfico verdadeiramente interesante, pero pesa elo, o seu papel no panorama escultórico medieval galego foi moi pouco valorado ata o día de hoxe¹. O repertorio figurativo e ornamental deste programa tense que vencellar á incipiente escultura do Camiño de Peregrinación -Compostela, León, Loarre, Saint-Sever-, e a posíbeis fontes miniadas.

Xa a simple vista, podemos constatar que o programa escultórico despregado nas marxes da cabeceira ferreirense segue as constantes iconográficas da maior parte dos templos románicos galegos para estes contextos arquitectónicos; é dicir: que a zona marxinal convértese nunha área privilexiada para o despregue da iconografía de tipo profano², unha área onde as referencias a temas ou motivos de carácter sagrado van ser mínimas. A imaxinería que habita os canzorros e os capiteis mostrará a elección dun contido temático que innova a respecto dos temas más correntes no repertorio iconográfico habitual galego do século XII; o repertorio marxinal ofrece claras connotacións exhortativas, e nel adquire unha especial significación a presencia de imaxes representativas dos vicios -a luxuria, a avaricia...- e das encarnacións de potencias demoníacas, configurando con todo elo un discurso á maneira de *exemplum* moralizador.

Nun dos capiteis más sobresaíntes deste discurso da ábsida de Ferreira de Pantón ilústrase con éxito a elección dunha iconografía na que podemos recoñecer a recriminación do vicio do avaro. A Igrexa dos séculos

XI e XII atacaba dun xeito moi especial o pecado da avaricia coma un dos males en expansión a causa do renacemento da economía de mercado e, con el, dun grupo social especialmente interesado na súa promoción e cun novo horizonte económico tan afastado da economía de subsistencia feudal coma próximo ao principio de beneficio individual. Pese a ser para a sociedade da época un dos pecados más coñecidos xunto coa súa compaíeira a luxuria -e que por certo viñeron a suplantaren dun xeito gradual á soberbia, o pecado feudal por excelencia-, e anque é bastante fácil de recoñecer a súa condena en moitos escenarios románicos, ten unha escasa representación no panorama



Fig. 1 - Capitel co tema da avaricia. S. Salvador de Ferreira de Pantón (Lugo)

románico galego, no que so contamos como exemplo o episodio da condena do avaro que ilustra un dos capiteis do cruceiro da catedral compostelá³.

¹ Véxase sobre o tema: Yzquierdo Perrín, R., "La iglesia del monasterio cisterciense de Ferreira de Pantón", en: Actas. Congreso Internacional sobre San Bernardo e o Císter en Galicia e Portugal, II, Ourense, 1992; Enríquez Rodríguez, M.F., "A escultura medieval na igrexa do mosteiro cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón (Lugo)", *Monasticum*, 1999, pp. 189-121.

²Este fenómeno foi estudiado polo miúdo no caso do Románico galego por Mamiejo Álvarez, S., "Marcofo, el espinario, Priapo: Un testimonio iconográfico gallego", Primera Reunión Gallega de Estudios Clásicos, Santiago de Compostela, 1981, pp. 313-355, esp. pp. 344-345, nota 33.

³Para a iconografía do avaro véxase Marín-Bagnaudez, J., "Les représentations romanes de l'avare. Etude iconographique", *Revue d'histoire de la spiritualité*, L, 1974, pp. 394-432. Para o capitel compostelano, Chamoso Lamas, M., *Galice Romane*, Zodiaque, 1973, láms. 44-50; Duriat, M., *La Sculpture Romane De la Route de Saint-Jacques. De Conques à Compostelle*, Comité D'études sur L'Historie et L'art de la Gascogne, Mont-de-Marsan, 1990, p. 316, lám. 321; Yzquierdo Perrín, R., *Galicia Arte. Arte Medieval I*, vol. X, Ed. Hércules, A Coruña, 1993.p. 208; Yarza Luaces, J., "Artes figurativas románicas en Galicia antes de 1150", en: *Románico en Galicia y Portugal*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001, pp. 56-87, esp. 63.

No capitel da cabeceira ferreirense, a crítica do vicio da avaricia esténdese ao que parece ser unha alusión xenérica á avaricia do pobo xudeu, representado neste caso pola imaxe do avaro coa bolsa colgada do pescozo ante unha cabra de boas dimensíons (Figs.1 e 2). Como é ben sabido, no mundo medieval o avaro era identificado co xudeu, e é por iso polo que case sempre se lle representa cunha bolsa colgando na que estarían




Fig. 2 - Outra vista do mesmo capitel

contidas as moedas⁴. Por outro lado, a asociación da figura do macho cabrún coa relixión hebraica é un tópico recollido dende os primeiros tempos do cristianismo. Os textos veterotestamentarios, esa fonte tan importante do simbolismo, xa contemplaban unha moralización do animal en relación directa cos xudeus: é o chibo expiatorio do Levítico (Lev. 16. 20,23)⁵, que cargado cos pecados dos fillos de Israel se abandona no deserto á sorte de Azazel⁶. A mesma metáfora animal

evócase no Libro do Profeta Amos para explicar o comportamento humano daqueles que, por ignorar as palabras de Yahvé, vense atrapados no pecado e no mundo da sinrazón ata acabar converténdose en cabras que tratan de pastar no deserto. Esta tradición será recollida polo *Physiologus*, e a ela non serán alleos algúns *Bestiarios* medievais. En efecto, o episodio será incluído por Pierre de Beauvais no seu Bestiario; o mesmo pasou noutros Bestiarios ingleses de finais do século XII⁷, onde a escena de Amos predicando diante das cabras serviu para ilustraren un dos capítulos do Morgan (Pierpont Morgan Library MS M.81. fol.68) ⁸(Fig.3).



Fig. 3 - O Profeta Amos predicando ás cabras (Pierpont Morgan Library)

Dende momentos temperás do século XII, o macho cabrío converterase en ocasións nun atributo identificador da alegoría da *Sinagoga*. Así é identificada por Moralejo a muller semiespida que porta nos seus

⁴Sobre a iconografía do xudeo pode verse Blumenkranz, B., *Le juif médiéval au miroir de l'art chrétien*, Études Augustiniennes, París, 1966.

⁵"Aaron imporá as súas diárias mans sobre a cabeza deste e confesará sobre él todas as iniquidades e transgresións dos fillos de Israel en toda sorte de pecados, os depositará sobre a cabeza do macho cabrío e o enviará ao deserto, mediante un home preparado para o caso. O macho cabrío levará sobre i cara á terra deserta todas as iniquidades deles, e se lle deixará ceibe no deserto" (Lev. 16. 20,23).

⁶O Libro I de Henoc menciona a Azazel (Asael) entre os xefes do grupo de anjos que, desobedecendo as ordes de Deus, conxuráronse para se mesturar coas fillas dos homes e enxendar con elas (6,7). Sería ademais quem ensinaría aos homes a facer armas e a embelecer o seu corpo con xoias e afeites (8,1), polo que foi condenado a seren desterrado ao deserto de Dudael (10,4).

⁷Sobre o capítulo do profeta Amos no *Physiologus* véxase Baxter, R., *Baxter, R., Bestiaries and Their Users in the Middle Ages*, Sutton Publishing, Courtauld Institute, London, 1998, pp. 57-58; para o capítulo do profeta Amos na versión más antiga do *Phisiologus*, versión Y, consúltense McCulloch, *Medieval Latin and French Bestiaries*, Florence, The University of North Carolina, 1960, pp. 80-81; para a versión B1 remitimos a Morini, L., *Bestiari Medievali*, Ed. Giulio Einaudi, Parma, 1987, pp. 84-85; véxase tamén, White, T.H., *The Book of Beasts*, London, 1954, pp. 119-200;

⁸Sobre este Bestiario e sobre os Bestiarios ingleses en xeral, véxase Hassig, D., *Medieval Bestiaries. Text, Image, Ideology*, Cambridge University Press, 1995, fig.13. A súa reproducción pode consultarse tamén en Voronova, T e Sterligov, A., *Manuscritos Iluminados de Europa Occidental. De los siglos VIII al XVI*, Ed. Parkstone Press/ Aurora Art Publishers, 1998, p. 232, fig. 292.

brazos un macho cabrún e que aparece representada nun dos ángulos do capitel da Catedral de Jaca que representa o Sacrificio de Isaac⁹(Fig.4). O paralelo



Fig. 4 - Sinagoga da catedral de Jaca

aducido por este historiador para confirmaren a súa proposta atópase nun manuscrito de orixe francés de mediados do século XII (Verdum, Bibliothèque de la Ville, MS 119) no que se representa á Igrexa e á Sinagoga, esta última semiespida e portando nas súas mans un macho cabrún¹⁰(Fig.5); unha iconografía moi semellante da Sinagoga pode verse noutros textos litúrxicos de finais do século XII. Nun dos capítulos do *Hortus Deliciarum*, unha extensa compilación enciclopédica debida á abadesa alsaciana Herrade de Hohenburg e datada entre os anos 1176 y 1196, ilústrase a imaxe da Sinagoga (Fig.6) portando nas súas mans a cabeza dun grande macho cabrún como atributo

(Pl.XXVI, fol. 150)¹¹. Atopámonos diante dunha tradición iconográfica que acadará singular fortuna sobre todo a partires da segunda metade do século XIII, e así permite constatalo a Sinagoga que se representa nunha das vidreiras do templo gótico de St. Elisabeth de Marburgo, construído entre os anos 1235 y 1285¹², ou a que figura nun baldaquino de madeira do altar da igrexa noruega de Aal, datado na segunda metade do século XII e conservado hoxe na



Fig. 5 - Sinagoga (Verdun, Bibliothéque de la Villa)

Universidade de Oldsaksamling, no que aparece semiespida, coa coroa caída e portando na súa man dereita a cabeza do animal, unha iconografía moi similar á dunha das táboas de madeira do coro da Catedral de Bremen, datada cara a finais do século XIV e comezos do XV¹³. Na ilustración que decora unha das letras iniciais dun *Gradual* de orixe alemana de finais do século XV conservado na Staatsbibliothek de Munich (Lat 23041, fol.181vº), nunha composición moi semellante á do *Hortus Deliciarum*, a Sinagoga aparece cabalgando un asno, cos ollos vendados, a

⁹Moralejo Álvarez, S., "La Sculpture Romane de la Cathédrale de Jaca", Les Cahiers de Saint Michel de Cuxa, 10 de xuño de 1979, pp. 79-114, esp. 103-104, fig. 26.

¹⁰Reproducida por Panofsky, E., Estudios sobre Iconología, Alianza Editorial S.A., Madrid, 1962, pp. 154-155, fig. 79.

¹¹Straub, A. e Keller, G., Herrade de Hohenburg. Hortus Deliciarum, Société pour la Conservation de Monuments Historiques d'Alsace, Strasburg, 1876-1899, fig.28; Cames, G., Allégories et Symboles dans L'Hortus Deliciarum, Ed. G.J. Brill, Leiden, 1971, pp. 45-48, fig. 41. Véxase tamén sobre esta obra a edición de R. Green., The Hortus Deliciarum of Herrad of Hohenbourg, Londres, 1979.

¹²Sobre a cabra como atributo da Sinagoga, véxase Kirschbaum, E., Lexikon der Christlichen Ikonographie, I, A-E, Roma, 1968, v. "Bock", pp. 315-316.

¹³Blumenkranz, B., Le juif médiéval au miroir..., p. 65, lám. 70, pp. 108-109, láms. 123-124.




Fig. 6 - Hortus Deliciarum

lanza rota e unha grande cabeza de macho cabrún na súa man esquerda.

A representación do avaro confrontándose a unha cabra non é só unha excepción no panorama galego da época: é tamén un tema pouco frecuente na arte medieval occidental, e aínda máis nun contexto como o de Ferreira de Pantón. Unha escena similar á ferreirense documéntase na portada setentrional de San Miguel de Estella (Navarra), realizada en torno ao último cuarto do século XII -cun programa iconográfico no que se mostra a elección dun contido temático tendente a manifestaren o rexeite da herexía-, inclúese, no lateral occidental da arquivolta exterior, a imaxe do xudeu levando na súa man dereita unha grande bolsa mentres que coa esquerda agarra polas patas un macho cabrún¹⁴ (Fig.7).

Xa que logo, o capitel de Ferreira de Pantón co tema da avaricia revélase coma unha das mostras más

interesantes dun programa escultórico xeral centrado na idea da crítica dos vicios; nun programa no que subxace un valor discursivo de carácter exhortativo, concibido para cominar aos fieis que se achegaban ao templo a que fixesen un rigoroso exame de conciencia.




Fig. 7 - Detalle da portada setentrional de San Miguel de Estella (Navarra)

¹⁴Sobre esta portada, véxase Biurrun, T., *El arte románico en Navarra*, Pamplona, 1936, pp. 200-223; Lojendio, L.M., *Navarre Romane*, La-Pierre-qui-Vire, 1967, pp. 306-307, 317-321; Uranda, J.E e Iñíguez, F., *Arte medieval navarro*, Pamplona, 1973, II, pp. 206-207; III, pp. 15-158; IV, pp. 65-66; Azcárate, J.M., "Sincretismo de la escultura románica navarra", *Príncipe de Viana*, nº 142-143, 1976, pp. 149-150; Martínez de Aguirre Aldaz, J.M., "La portada de San Miguel de Estella. Estudio Iconológico", *Príncipe de Viana*, 45, nº 173, 1984, pp. 439-461.

ARREDORES DE SANTANA

PEREGRINANDO CARA A COMPOSTELA (I)

"TECEDEIRAS E VECEIRAS"


Por: José Manso Gómez



A casualidade fixo que coincidiran dous veciños da Limia, concretamente de Santana, facendo o Camiño de Santiago

Atopáronse no albergue do Cebreiro e, despois de parolar durante un bo anaco de tempo, descubriron que os dous eran de distintos pobos da Limia e, coincidencia, dende moi novos emigraran cos seus pais na procura doutros horizontes económicos.

Aquí comezou unha grande amizade. Decidiron facer o resto do Camiño ata Santiago xuntos e, á vez, ir recordando os tempos nos que viviron, sen coñecerse, nas súas respectivas aldeas ourensás.



Traballando no tear

A ruta facíase lixeira ó ir charlando dos vellos tempos. A un deles deúselle por sacar o tema dos oficios que alí desenrolaban os seus pais e avós e como, co paso do tempo, se foran esquecendo ou, non eran rendibles, motivo que trouxo que os seus pais e unha grande parte da poboación, tiveran que emigrar.

A avoa dun deles fora Tecedeira e, pasenxamente, foi explicándolle ó seu compañoiro de viaxe as características deste oficio.

A Tecedeira:

O oficio de tecedeira foi parello ó cultivo do liño. Parece que a extensión que nos anos trinta se lle viña dedicando na Limia a este cultivo, era de máis de 100 hectáreas que, rapidamente, se viñeron reducindo ata chegaren a desaparecer por completo xa a finais dos anos corenta por falla de rendibilidade.

Sen ningunha dúbida, o cultivo do liño deixou unha fonda pegada nos usos e costumes da xente da Limia. Con el foise o traballo das tecedeiras, oficio no que se especializaba unha muller en todas aquelas familias que dispoñían de tear. A familia que non o tiña, había de pagar para ir tecer onda unha tecedeira de fóra.

Oín comentar que en Santana había uns 4 ou 5, alá polos anos 20. Eu xa non puiden ver ningún alí, pero si un na Lavandeira hai moitos anos; á habitación aínda lle seguen a da-lo nome de a loxa.

Os teares eran uns utensilios que, fóra de uso, estorbaban e deberon de ir podrecer ás palleiras, debaixo da herba, denantes de dar cos seus paos no lume ou seren malvendidos, por catro cadelas, ós anticuarios, como os prezados escanos, as camas de ferro, etc.

Teño entendido que a tecedeira era unha muller que gozaba de prestixio, algo así coma o que hoxe gozan eses artesáns que tan meritoriamente andan a recobrar esta nobre arte. Temos a proba das súas habilidades en tantas prendas de cama, lenzos, mantas, mantelos, colchas, alfombras e prendas de muller que aínda conserva moita xente e ás que, por fin, estanlle a devolve-lo seu valor.

O liño dábase ben nestas terras, collíase en pleno verán, moito máis tarde que o centeo e precisaba unha serie interminable de tarefas:

Había que mazalo, polo a remollo nunha laga varios días, despois debullalo, cardalo, cocelo con cinsa no pote para que branquease, tascallo (cos tascos facíanse as prendas máis rudas, coma mantas, mantelos e alfombras), devanaloo, fialo e enmadeixalo, denantes de ir ó tear.

De aí temos aínda o xeito de chamarlle a certos lugares como o mazadoiro, que na miña casa e en tantas da comarca, se lle segue a dar a tódolos asentos de pedra ó par da casa, porque eran lugares nos que, ademais de para sentar, valían para maza-lo liño.

Vin e convivín, de neno, con instrumentos vellos dos que non entendía a súa utilidade, pero con nome revelador: a escardadeira ou cardadeiro, a espadela, os pentes, e outro do que non recordo o seu nome pero que, sen dúbida, valía

para endadeixar. Era coma un torno que xiraba ó darré a unha manivela: era a devanadoira. Instrumentos todos eles que non sei por onde foron ou onde os tiraron.

O liño sementábase a finais do mes de marzo: "cando o cuco ouvías cantar, xa o liño podes sementar". Elixían o mellor terreo da casa, arábase coa vertedeira despois de estercar ben. Despois agradaban a terra e sementaban enriba. A semente é case negra e oblonga; ó nacer habíao que regar nas secas e limpalo a man das malas herbas. Segábase no mes de agosto.

Alí temos un pobo cuxo topónimo denuncia esta actividade: Ponte Liñares, pero cultivábase na Limia enteira.

O compaíñeiro oíra falar do liño, dos teares e das tecedeiras, pero non convivira de seu con elas. Sen embargo, contoulle o estrano oficio que tiña a súa avoa e do que o seu amigo nunca escoitara falar, aínda que nouros tempos era común na Limia.

A Veceira:

Eu xa non a pudo recordar, deixou de funcionar precisamente cando eu era moi neno e chegoume a súa noticia, tampouco moi remota por outra banda, por boca dos meus pais.

A veceira non era unha muller. A veceira era o cargo ou traballo do que lle "tocaba a vez" de levar o gando de todo o pobo cara ós pastos da lagoa no verán.

Como o seu nome indica, o traballo da veceira era por vez, de semanas, de cada casa do pobo e podíao facer calquera persoa da familia que estivera dispoñible. Alí chegou a facerse fixo e desenrolába unha muller que, cada mañá e ó toque dunha corneta, ía recollendo casa por casa, todas as vacas e bestas que ese día estaban dispoñibles para ir ó pasto.

O camiño a seguir era sempre o mesmo: ó través do Campo de Santana, onde bebián os animais na Poza da Regueira, seguían logo pola carreira da Barrela, o Xuncal, a Gudiana, as Cicoteiras, os Perces e xa se desembocaba na lagoa pola chamada Entriña dos de Santana.

Este traxecto era coñecido dende Cardeita como "A corredoira de Santana". (Esa corredoira no inverno era intransitable e convertíase nun verdadeiro río xa que primeiro levaba as augas do Campo de Santana e despois formaba parte do verdadeiro canle do río que ata a Corga era chamado Río da Piñeira).

Co gando na lagoa non había problema; aquello era un mar de herba inmenso e adoitaban andar en rabaño e aproveita-lo tempo. A veceira tiña que levar de comer e de beber para todo o día e, á noitiña, recolle-lo gando, conducilo de novo cara ó pobo e entregárrillelo ós seus donos, se ben os animais, acostumados como estaban e cheos coma foles, xa enfiaban o

camiño, a paso lento, pero sen desviarse un metro, cara ás súas cortes.

A da veceira era unha tradición bonita e ademais moi útil, que deixaría de ter sentido nos anos sesenta por mor da desecación da lagoa. Pero en Santana xa había uns anos que morrera a causa, moi posiblemente, do empobrecemento posterior á Guerra, cando a xente reduciu o número de vacas ata deixaren só a xugada para traballar e un par delas máis como máximo. As bestas (antes vehículo necesario para ir ó muíño, á misa, á feira e ás romaría), foron caendo en desuso xunto cos fidalgos e medio señoritos que eran os seus principais usuarios e, ademais, porque a besta, comendo igual que a vaca, producía moito menos. Esta reducción drástica de cabezas de gando, provocou, por outra banda, o maior aproveitamento dos pastos dos terreos de enriba e, por ende, menos animais e más pobreza.

A veceira non funcionou coas ovellas. Neste pobo sempre houbo moitas ovellas, tendo en conta a proximidade do monte onde se alimentaban, sobre todo no inverno. Houbo épocas de coexistir cinco ou seis rabaños. Os rabaños eran familiares pero algúns veciños eran propietarios de cinco ou dez ovellas que andaban nun rabaño determinado, normalmente, xente máis pobre, á que lle tiñan que ceder a metade das crías e da la.

As ovellas só podían pastar en montes comunais, nunca nos lameiros ou poulas ceibes, porque despois as vacas non pacían a herba e, ademais, porque comían os toxos, que era planta protexida. Coas cabalerías había que tomar os mesmos coidados.

Así continuaron o seu Camiño, dende o Cebreiro ata a mesma entrada da Catedral tiveron tempo dabondo para facer un interesante percorrido polas súas queridas terras que, de nenos, tiveron que deixar e que en sucesivas entregas poderemos coñecer.



Tendo contas das vacas

O BALDAQUINO DE SANTIAGO DE ANTAS (A LAMA - PONTEVEDRA)

Por: Estanislao Fernández de la Cigoña e Núñez




SANTIAGO DE ANTAS, Á BEIRA DUN CAMIÑO MONTÉS

Antas é unha das dez parroquias que se integran no concello da Lama, na parte centro-oriental de Pontevedra. O Camiño que pasaba por aquí procedía da serra do Suído e recollía ós peregrinos que se achegaban a ela ou partían das súas

localidades.

Antas, como a maior parte do resto do concello, está a perder habitantes nos últimos anos. A poboación, sen embargo, crece no verán notablemente pois, debido ó seu clima san, moita xente orixinaria do lugar e outra que non o era reedificaron casas vellas e fixeron outras novas para pasa-las vacacións e fins de semana.



Os tres paneis que compuñan o baldaquino de Santiago de Antas tal como aparecen montados contra o muro esquierdo da igrexa parroquial daquela localidade.

INTRODUCCIÓN

O baldaquino da igrexa parroquial de Santiago de Antas (A Lama - Pontevedra) non foi sequera recollido por Filgueira Valverde & Ramón Fernández-Oxea no seu traballo/catálogo: "Baldaquinos Gallegos" que veu a luz

no ano 1987 e que representa o inicio do estudio sistemático destas construcciones na nosa terra. Posteriormente, houbo outras adicións, pois como tódalas obras primas deixou lagoas que foron cubrindo diferentes investigadores pasenamente ó longo dos anos. Sen embargo, sobre o baldaquino de Antas nada atopamos escrito, permanecendo no anonimato máis absoluto ata que nós o demos a coñecer case de pasada durante o ano 2002 en dous traballos diferentes que trataban asuntos por completo alleos a este tipo de construcciones. Titulámolo primeiro: "Dúas aportacións ó catálogo dos Cerviño: o panteón de Antas -A Lama- para Xosé e o cruceiro xubilar do Poste da Franqueira -A Cañiza- para Ignacio", traballo que publicamos na revista, "Pontevedra", número 17. Alí, reproduciamos na páxina 184, unha fotografía do baldaquino no seu estado actual. O espacio que lle dedicamos foi necesariamente, breve, pois nada tiña que ver co asunto verdadeiro daquel artigo que nos levara unha vez máis ata a parroquial de Santiago de Antas para ve-lo mausoleo que fixera o mestre canteiro Xosé Cerviño García. Se o baldaquino saíu a relucir no mesmo era porque a tradición local aseguraba que era obra daquel canteiro, cousa que descartamos dende o principio.

A VOLTAS CO TEMA

O segundo traballo no que falabamos do baldaquino de Antas foi no noso libro "Entre encravamentos profundos e desencravos amorosos" que publicou a editorial Galaxia, tamén no ano 2002. Nun dos seus capítulos tratábamos dalgunhas baldaquinas que representaban o descendemento de Cristo como paso previo á chegada dos cruceiros de desencravo. Entre as representacións que escollemos achábase a de



Entre os cruceiros acubillados por baldaquino atópase o de Xende (A Lama-Pontevedra), feito por Manuel González Perdiz no ano 1868. Polo tanto, o baldaquino nos cruceiros achegouse a nós bastante máis cos que se fixeron no interior das igrexas.

Santiago de Antas. Proporcionabamos, tamén, unha fotografía desta escena concreta na páxina 101 que recollía soamente o terceiro andar daquela montaxe, no que Cristo aparece nunha posición horizontal, atendido cariñosa e coidadosamente polos desencravadores: amigos e membros da súa familia.

Tanto neste traballo como no anteriormente mencionado tratábamos do baldaquino de Antas moi sucintamente, pois introducíase nos textos como consecuencia dunha evolución dos feitos que estabamos a desenvolver, pero nada máis.

O BALDAQUINO, UNHA MODA PASAXEIRA E, POLO MOMENTO, ESQUECIDA

Aseguraba Filgueira Valverde & Ramón Fernández-Oxea (1987) que este motivo ornamental tivo unha boa difusión dende o final do século XV ata a metade do XVI, durando o seu apoxeo, polo tanto, uns setenta e cinco anos aproximadamente. Máis difícil resultará, sen embargo, sinalar cronoloxías exactas entre os diferentes baldaquinos que se atopan espallados por Galicia, principalmente na provincia de Pontevedra.

REPRESENTACIÓN, FORMA E TAMAÑO DOS PANEIS

Case tódolos retablos que atopamos presentan formas rectangulares, sendo con frecuencia apaïsados na súa disposición xeral, polo que resulta, case sempre, bastante maior o longo có alto, amosándose a miúdo de pouco grosor. Podemos dicir que son de pequeno ou mediano tamaño, acadando medidas inferiores ós dous metros cadrados (Estamos a falar das diversas partes nas que agora descubrimos descompóstos los baldaquinos).

Un dos motivos que máis se repiten son o desencravo de Cristo e a adoración dos Magos. Moito más escasos son as representacións nas que aparecen Santiago Apóstolo, San Sebastián, a Sagrada Familia, o nacemento de Xesús, a anunciaciación de María, a resurrección de Cristo, etc.

CRONOLOXÍA, APROXIMADA, DOS BALDAQUINOS

En canto á datación exacta dos baldaquinos, nada sabemos con exactitude, pois carecen de epígrafes que

determinen a súa idade. Manexamos, sen embargo, algúns elementos que nos permiten albiscar con certas posibilidades de rigor a súa datación aproximada. Referímonos ó arco conopial sobre o que se desenvolve a escena en moitos deles, incluído o de Antas, e que podemos datar como pertencentes á segunda metade do século XV.

O arco conopial é un artificio máis do gótic flamíxero, polo que nos permite adxudicar esa idade, se non exacta, relativamente próxima, ós retablos que amosan esta decoración. Por outra banda, algúns destes retablos rematan na parte superior nunha fina, elaborada e bonita filigrana que era utilizada, igualmente, durante o período

pertencente a esa mesma etapa gótica, polo que a concreción aparece doblemente confirmada.

Debemos salientar que o baldaquino do cemiterio de Antas, aínda que amosa un arco conopial no segundo andar que representa a adoración dos Reis, e un remate na parte alta deste mesmo tramo con filigrana floral, parece, á vista, como moito más recente pola perfección e conservación das figuras e pola policromía que amosa aínda ó longo do panel superior, que outros moitos que temos visto



Baldaquino da igrexa parroquial da Bola (A Bola - Ourense) agora no muro do adro, co seu arco conopial esaxerado no ápice que parte en dous a escena dos músicos celestiais. Ten unhas medidas parecidas ás dos paneis da parte inferior de Santiago de Antas, aínda que resulta un pouco máis longo: 182 por 77 cm.

nesta mesma posición, expostos, un e outros, á durísima intemperie, susire que o de Antas foi colocado neste lugar nunha etapa relativamente serodia. Se queremos dicilo doutra maneira debemos concluír que este baldaquino se desmontou non hai tantos anos como para que a chuvia, o vento e máis as xeadas acabasen con el como pasou con outros que coñecemos que se amosan totalmente estragados.



Este fermosísimo panteón mandado construir por José Taboada Mouteira no ano 1908 áchase en Folgoso (Cerdeiro-Pontevedra). Fíxoo Xosé Cerviño García, "Pepe da Pena" e estamos a falar tamén doutro tipo diferente de baldaquino que atopou na arquitectura funeraria o seu máximo expoñente.

O BALDAQUINO COMO OBRA ARQUITECTÓNICA

Aínda que todos temos en mente o que é un baldaquino afeitos a ver nos camiños cruceiros cubertos por eles, sobre todo na parte sur da provincia de Pontevedra, e de túmulos, nos cemiterios das nosas vilas e aldeas, o baldaquino interior, aquel que se facía dentro dos templos non resulta, agora, tan fácil de ollar, a pesar de ter unha notable expansión por Galicia enteira e débese, isto, a varias razóns:

1º. - A súa propia situación interna, pois ante a carencia de curas, os templos permanecen pechados a maior parte dos días, polo que a visita se dificulta en exceso.

2º. - A súa destrucción sistemática. A moda do baldaquino pasou hai moito tempo, pois ocupan demasiado espacio dentro da igrexa e, ademais, perdeu a súa verdadeira utilidade. Desfanse a miúdo, como consecuencia e, ás veces, os propios párrocos, mandan coloca-las diversas pezas que os formaban noutras posiciones exteriores, a xeito de adobíos, preferentemente en adros, muros e cemiterios, tal é o caso que nos ocupa.

O CASO CONCRETO DO BALDAQUINO DE ANTAS. A SÚA SITUACIÓN

Os restos do baldaquino que antigamente estaban no interior do templo de Santiago de Antas, áchanse, agora, pegados ó muro exterior da igrexa parroquial, pola súa banda esquerda e protexidos por unha reixa de ferro. Serven, na actualidade, de adobío a tres tumbas anónimas que se acham dentro dun pequeno rectángulo presidido polos retablos que aparecen montados uns sobre outros. Algunhas figuras conservan ainda restos da antiga policromía que debía cubri-la totalidade dos paneis.

En canto a súa orixinalidade, esta é relativa, pois a adoración dos Reis que aparece representada a ras do chan está igualmente nos baldaquinos de Amil, Arca, Arcos de Furcos, Borela, Codeseda, Couso de Avión, Curro, Deán (Santa María), Fragas, Meis (S. Salvador), Pedre, Ponte Arnelas, Vilalonga e Ventosa.

A representación do desencravo tamén é un motivo bastante copiado. Así aparece nos baldaquinos de: Arca, Arcos de Furcos, Barrantes, Borela, Curro, Fragas, Meis (San Salvador), Pontevedra, Moldes e Vilar de Donas.

O único que resulta verdadeiramente orixinal é a Sagrada Familia que non ten equivalencia, que nós saibamos, noutros lugares da xeografía galega.

MEDIDAS DESTA ARBITRARIA MONTAXE

Os tres retablos superpostos que constituíron o antigo baldaquino alcanzan unha altura total de 222 cm, sendo o máis irregular nas súas proporcións o superior, pois os outros dous son absolutamente iguais. O grosor dos paneis varía segundo o nivel ou relevo das figuras que representan. Nas partes más sólidas supéranse os 15 cm. Por paneis, as medidas que obtivemos, foron:

1º. - O superior ou da Sagrada Familia ten 66 cm de alto por un fronte de 58,5 cm.

2º. - O intermedio ou da Adoración dos Reis mide 78 cm de alto por un fronte de 146 cm.

3º. - O inferior ou do Desencravo iguálase exactamente co anterior: 78 cm de alto por 146 cm de longo.

AS TRES DIFERENTES SECCIONES

Este retablo que supera no seu conxunto os 2,20 m de altura, podemos dividi-lo para a súa correcta disección en tres partes ben diferenciadas e que constitúen as distintas porciones ou lados do antigo baldaquino interior. De abajo arriba, distínguese perfectamente os tres andares que imos detallar seguidamente:

1º. Andar ou panel inferior: situado a ras do chan

Representa o desencravo de Cristo nunha situación terminal, polo tanto, tamén podería ser, igualmente, a unción do mesmo polos santos óleos, ou unha representación duns instantes previos ó seu enterramento na tumba lítica que lle prestara Xosé de Arimatea, o membro do Sanedrín.



Panel inferior no que se representa o desencravo de Cristo. Os desencravadores están ós lados. A Nai suxeita a man do fillo e as Tres Marias vense na parte central. Este panel ten 146 cm de fronte por 78 cm de altura, igual co intermedio.

O total de persoas representadas acada as sete. A sección do desencravo ocupa, como xa dixemos, a parte baixa que adobía o mausoleo ou monumento funerario. Os persoeiros que figurán no mesmo son, ademais do

crucificado que aparece en posición horizontal de dereitas (Cabeza á dereita, pés á esquerda), os desencravadores: Nicodemo e Xosé de Arimatea que están nos extremos. Xosé, como personaxe más importante, loce un chapeo más alto e amosa a barba más coidada que Nicodemo. Ademais suxeita a cabeza nimbada de Xesús mentres que Nicodemo terma dunha das pernas. A Virxe María, ó lado de Nicodemo, cóbrese dun mantelo, carecendo de nimbo, colle amorosamente a man do seu fillo. María Cleofás e María Salomé, en posición recollida, amosan nimbações ás súas cabezas, mentres que María Madanela, sen coroa, presenta enteiramente descuberta unha longa melena e lévase un pano á face para seca-las bágoas, como arrepentida da súa vida licenciosa antes de coñecer a Xesús.

Neste retablo, o efecto cidade xorde co muro de Xerusalén pechando a escena en forma de ameas e dous buratos que semellan xanelas situados pola banda externa da Virxe e de María Madanela. Unha columna cilíndrica adobiada de figuras xeométricas aparece á esquerda, pechando o cadro, mentres falta no lado dereito.



Panel intermedio que representa a adoración dos Reis Magos. Estes aparecen á esquerda da imaxe, mentres a Sagrada Familia está á dereita. Ten as mesmas medidas co panel inferior: 146 por 78 cm.

2º. Andar ou panel intermedio

A escena, neste caso, é perfectamente nítida e concreta: vese a chegada dos Reis Magos ó presebe de Belén coas súas ofertas. Os tres aparecen pola banda da esquerda guiados por unha estreliña. María co meniño Xesús no colo e San Xosé, pola dereita, pechan a representación escénica deste acto.


O total de persoas representadas neste panel acada as seis. O primeiro dos reis, pola banda da esquerda coa súa coroa, aparece de fronte e de pé. Entre as mans leva unha especie de tarro, onde quizais porte a mirra. O segundo, vese nun plano superior obrigado polo arco conopial ó que está subido e que xustamente nos seus pés

inicia a primeira das súas curvaturas. Noutro tarro debe leva-lo incenso. Co dedo índice da man esquerda sinala cara arriba: marcando a estrela que os guía e que aparece xunto á cabeza do terceiro, que se tivo que representar inclinado, pois obrigado polo ápice ou vértice do arco non se puido pór vertical por carencia material de espacio e aparece, polo tanto, nunha posición moi forzada, case como voando. Este rei porta nunhas sacas o ouro. A seguinte figura é a de María co meniño no colo, xusto, tamén, na curvatura segunda do arco, dando a sensación de que está sentada. Ó seu carón, e pechando o cadro, representouse a San Xosé, que leva un caxato nas mans.

O arco conopial limita a escena por abajo. Pon o límite por riba unha serie de cinco molduras descendentes nas que aparecen proxectadas as coroas dos reis, a estrela, o limbo da Virxe e o sombreiro de San Xosé. O retablo remata nunha serie de follas entrelazadas polos pecíolos e afastadas por piñas a xeito de filigrana. Ten, tamén dous buratos ou xanelas rectangulares e unha serie de molduras, ata seis, que van in crescendo e que aportan a sensación de muro ou fortaleza por detrás da imaxe.

3º. Andar ou panel superior

Con el remata a nova armazón do vello baldaquino. Vemos nel unha representación familiar: Xesús camiña no medio do seus pais. María pola banda da esquerda e San Xosé, dándolle a man, pola dereita. Os tres acadan unha posición de paseo ou camiñada. Polo tanto, o meniño Xesús xa non é un bebé, ten algúns anos de idade: posto que anda perfectamente. A parte superior, en forma de frontispicio, mostra debuxada xustamente por debaixo



Panel superior que representa a Sagrada Familia. Por riba da cabeza de Xesús aprécianse unhas ás que corresponden a unha pomba, representación do Espírito Santo. Este panel ten 58,5 cm de fronte por 66 cm de altura.

unha pomba a cor que representa o Espírito Santo que parece guia-lo seu camiño.

Este retablo carece do efecto cidade que caracteriza ós outros dous, así como das filigranas nos que aqueles rematan pola parte de enriba. Ademais, amosa unha moi diferente morfoloxía. A nosa particular impresión é de que este panel non era unha peza xenuína do propio baldaquino ou, polo menos, que non foi feita á par das outras. E son varias as razóns que nos levan a suxerir e manter esta hipótese:



1º. - As diferentes medidas, discordes totalmente coas acadadas polas outras dúas seccións, pois esta é moito máis pequena.

2º. - Conservar vestixios da pintura orixinal, mentres que o resto da obra carece da mínima color. Isto parece indicar que procede doutra parte, pois non ía estar pintada esta sección e as outras non.

3º. - A diferente textura do granito, que parece confirmar que non constituía unha unidade co resto da obra.

4º. - A forma desemellante dos vestidos e os seus pregues e que para nós evidencia unha man distinta, ou, en todo caso, unha época tamén diferente de execución.

5º. - Tamén chama a nosa atención que mentres das representacións de desencravo e da adoración dos Reis hai diferentes reproduccións noutras igrexas galegas: do desencravo non menos de 10 e da adoración polo menos 14, da Sagrada Familia non hai outra que a de Santiago de Antas, o que non deixa de ser, cando menos, bastante sorprendente.

ANÁLISE PORMENORIZADA DA SÚA SIMBOLOXÍA

Vexamos, agora por partes, cada unha destas seccións para aprecia-la simboloxía que este baldaquino encerra e que nunha primeira ollada pode pasarmos bastante desapercibida.

1º. - O arco conopial

Este arco, en realidade, vén substituíndo ó chan no que se desenvolven os feitos. É, polo tanto, como unha especie de alfombra ou tapiz que resalta o escenario. Por outra banda, introduce un efecto de artificialidade no conxunto da obra. Dalgún xeito, parece indicar que esto foi o que aconteceu, pero non sucedeu aquí, nin sequera no tempo presente. Pasou, sen dúbida, noutro lugar, hai moitos anos.

Os arcos conopiais dos baldaquinos son case sempre sinxelos, pois poucos se amosan por duplicado. Tamén poden non existir: caso de Borela (Cotobade), por exemplo.

2º. - As cristas e filigranas dos remates

As cristas sinalan o remate do cadre pola parte alta. Serven, polo tanto para afastar diferentes escenas ou limitalas se esta é única.

No retablo de Antas, o andar intermedio que representa a Adoración dos Reis amosa unha finísima filigrana de follas compostas e piñas intermedias, mentres que na escena do Desencrevado, no primeiro andar, se substitúiu por cilindros ameados en forma de escudos.

3º. - O chamado fondo cidade ou murallas de Xerusalén

Dende o primeiro arte cristián, cando unha escena se efectuaba por fóra da cidade, como foi o caso da crucifixión de Cristo, extramuros de Xerusalén, pero moi preto dela, acostumaban colocar, no último plano da visión do cadre, as murallas da cidade para situa-la acción nun espazo xeográfico perfectamente determinado. Polo tanto, as murallas, eran como a cortina de fondo que pechaba as representacións que tiveron lugar no Calvario e arredores.

O fondo cidade, nos paneis de desencravo, vén marcado pola aparición de xanelas, torres, ameas, etc. que nos lembran que a acción se está a desenvolver no exterior. Nalgúns paneis este efecto aparece claramente sinalado, tal é o caso do baldaquino de Fragas (Campo Lameiro), onde as xanelas en forma de buratos aparecen enmarcadas, ou no caso do de Borela (Cotobade) que rematan nun arco de medio punto. O curioso, é que moitos dos paneis que coñecemos amosan as ventás colocadas nos mesmos sitios: parte alta, por debaixo da cornixa e cara ós extremos. O principio, pensabamos se serían uns buratos feitos para favorecer o transporte e colocación dos paneis, pero despois caemos na conta de que se tratava de situa-la muralla da Cidade Santa por excelencia: Xerusalén e que, polo tanto, estabamos ante o efecto que se deu en chamar "*fondo cidade*", por se-los muros da vila o último que se vía naquela representación coreográfica que os nosos artistas estaban a representar.

O feito de amosar cornixas en forma de catro ou cinco bandas tamén remarca notablemente a sensación de muralla deste mesmo "*fondo*" do que estamos a falar.

Sanguinéda (Mos), 1 de maio de 2002
(Festa do Traballo)

BIBLIOGRAFÍA EXCLUSIVAMENTE CITADA NO TEXTO

* FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. 2002. Dúas aportacións ó catálogo dos Cerviño: o panteón de Antas (A Lama) para Xosé e o cruceiro xubilar do Poste da Franqueira (A Cañiza) para Ignacio. Pontevedra, *Revista de Estudios Provinciales*, nº. 17: 179-190.

* FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. 2002. *Entre encravamentos profundos e desencravos amorosos. O encravamento e o desencravado na imaxinería galega*. Editorial Galaxia. 254 pp. Vigo.

* FILGUEIRA VALVERDE, J. F. & R. RAMÓN FERNÁNDEZ-OXEA. 1987. *Baldaquinos Gallegos*. Edita: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 175 pp. A Coruña.

AS SUPERSTICIÓN (I)

DENDE O ANTIGO EXIPTO... ATA COMPOSTELA

Por: Laureano Mayán Taboada



Comentabamos na anterior revista “A UNIOS – XACOBEO”, que os refráns formaban parte, como guía meteorolóxica, da realización do Camiño de Santiago. Eran moi tidos en conta polo peregrino para comezar ou demorar a súa curta ou longa andadura. Pero non só o refrán servíalles de guía... ¿E a superstición? ¿Que é a superstición? Segundo a Real Academia Española, palabra procedente do latín “superstitio” que significa “Creencia extraña a la fe religiosa y contraria a la razón”.

Resulta curioso ou chocante, entón, que o peregrino que acude a visitar a tumba do Apóstolo, co que da mostra da súa fe, se deixe influenciar por unha ou outra superstición.

E hai numerosas persoas, veciños e hostaleiros, que nos confirman que moitos peregrinos propuxeron ou desistiron, en momentos concretos, da súa viaxe, simplemente por cruzarse no seu camiño un gato negro ou romperse un espello.

Segundo a teoría psicolóxica, cremos nas supersticións porque, ante o desconecido, sentímonos máis seguros se conxuramos os perigos, crendo que así teremos maior posibilidade de triunfar en algo que non depende só de nós.

Di Salvador Rodríguez, antropólogo e profesor na Universidade de Sevilla: “No es otra cosa que un efecto placebo. Psicológicamente la persona se siente mucho más tranquila...”



Enrique VIII afirmaba que un feitizo obrigoulle a casarse con Ana Bolena



Ana Bolena

É como cando a un enfermo lle dan unha substancia que non ten ningunha acción terapéutica, pero el recíbea convencido, realmente, que posúe tal acción.

Os historiadores dinnos que a vida cotiá do home primitivo estaba plagada de perigos e para combatelos desenrolou crenzas e costumes ás que se atribuíán poderes que lle libraban de malas influencias. No seu día isto eran conceptos relixiosos...

Asumpta Roura, escritora e estudiosa do tema, define a superstición como a necesidade dunha crenza que dea sentido a todo o que non comprendemos.

Segundo o escritor e doutor en medicina Charles Panati, as primeiras supersticións datan de 50.000 anos antes da nosa era e, ó parecer, tiveron a súa orixe no homo de Neanderthal.

Mentres o Homo Sapiens abandonaba ós seus defuntos, aquel sepultábaos coas súas armas, alimentos e carbón vexetal para que os empregara noutra vida.

Ata hai pouco, enquisas realizadas en España dicíannos que un 44% de españois cren que hai outra vida trala morte.

Co nacemento de cidades e o desenrollo da cultura, as supersticións comenzaron a perder carácter relixioso pasando a “meras crenzas”.

Sen embargo sociedades tan tecnificadas como a xaponesa ou a alemana, continúan sendo altamente supersticiosas.

Actualmente, son os habitantes de China, Centro Europa, España e o resto da conca do Mediterráneo os lugares con máis fama de supersticiosos. Os nórdicos son os menos crédulos.

E aínda que a relixión sempre negou a existencia de supersticións, hai historiadores que opinan que a manifestación dunha crenza ou fe nunha doutrina por medio dun sinal físico, non deixa de ser un acto de superstición.


Por exemplo, os mariñeiros católicos levan medallas ou escapularios e os pescadores do Norte de Europa levan pendentes de ouro, para protexerse dos naufraxios.

E a pesar de que o tempo pasou..., a sociedade cambiou..., as supersticións continúan formando parte da vida do home.

Sócrates vivía obsesionado co mal de ollo.

A Julio Cesar dábanlle pánico os soños.

Enrique VIII afirmaba que un feitizo obrigoulle a casarse con Ana Bolena.



A Napoleón aterrorizábanlle os gatos negros.



En China e en Xapón o 4 é sinónimo de morte.

Os italianos evitan, a toda costa, o número 13 na lotería.

Os norteamericanos elimínano das plantas dos rañaceos.

Algunhas liñas aéreas omíteno nos asentos dos avións.

Nos Países Baixos, espirrar é presaxio de cousas boas.

A cor amarela, en moitas actividades deportivas e artísticas, é símbolo de mala sorte.

A maioría das supersticións que aínda permanecen vivas consolidáronse a través dos séculos para tratar de explicar a boa ou mala fortuna, casual, dos seres humanos.

Traen mala sorte:

Varrer os pes dunha solteira ou viúva: Quería dicir que non se casarían.

Derrama-lo sal: A súa orixe data do ano 3.500 a. C. Xa entón se cría que o sal era incorruptible, razón pola cal se converteu en símbolo de amizade.

De aí a crenza de que se se tira, a amizade romperase. Para contrarrestar ese suposto efecto maldito, débese botar un chisco do sal derramado sobre o ombreiro esquerdo.

O gato negro: Aínda en Exipto críase que o gato negro era a reencarnación dos deuses; séculos despois a igrexa católica considerouno coma a reencarnación do diaño, polo que eran queimados.

O negro identifícase coa cor do diaño por se-la reencarnación da noite.

En Norteamérica e en case toda Europa crese que un gato negro trae boa sorte se camiña cara a ti e mala se se afasta.

Comezar o día co pé esquierdo: Petronio aludía no seu “Satiricón” á mala sorte de entrar nun lugar co pé esquierdo.

En España pode ter a súa orixe na tradición celta e no movemento solar, sempre cara á dereita.

O efecto negativo elimínase o persignarse tres veces.

Martes e trece: a maldición ten a súa orixe na última cea de Jesucristo cos 12 apóstolos, na que foi delatado. Crese que se se sentan a comer 13 persoas nunha mesma mesa, unha delas morrerá antes dun ano.

Romper un espello: Dise que ocasiona 7 anos de maldición. O espello era un elemento máxico de adiviñación, polo que, se se rompía, era para non mostrar unha imaxe aterradora do futuro.

Sete anos, é o tempo que, supostamente, tardaba en renovarse un corpo.

Acender tres cigarros co mesmo misto: Crese que na guerra (con precisión non se sabe cal)... falábase da 1ª Guerra Mundial, da Guerra Civil Española... tres soldados acenderon os seus cigarros co mesmo misto e o inimigo veu a chama do 1º, apuntou na do 2º e disparou sobre o 3º.

Traen boa sorte:

Colgar unha ferradura detrás da porta: Segundo os gregos, o ferro, en forma de media lúa, protexía dos feitizos, así que a ferradura colocada na porta impedía a entrada das bruxas e do mal.

Tradicionalmente críase que as ferraduras que outorgaban más sorte eran as dos burricos porque tiñan 7 buracos, un número máxico por excelencia. **Apagar as velas dun soprido:** Foi na Baixa idade Media alemana onde xurdio a idea de colocar nas tortas de cumpreanos tantas velas como anos cumplían os nenos, máis unha.

Para deixar atrás os anos cumplidos e pasar ós seguintes, debíanse apagar todas as velas dun só soprido.

Operexil: Na antiga Grecia, o perexil considerábanlo coma unha planta sacra que simbolizaba o triunfo e a resurrección. Levados por esta crenza, os gregos adornaban as tumbas con coroas de perexil.

A pata de coello: A súa orixe está na antiga crenza de que cada pobo descendía dun animal que non podía ser cazado nin comido.

Seguramente os celtas trouxéronnos a crenza de que o noso era o coello.

Ademais, a pata do coello era tamén un símbolo fálico capaz de facer fértiles ás mulleres.

Tocar madeira: Unha posible orixe ten que ver cos anacos que se conservaron da Santa Cruz. Outro provén de Estados Unidos, onde hai 4.000 anos os indios veneraban ó carballo coma a morada dos deuses.

Tirar moedas a un pozo ou a unha fonte: Ven do antigo rito adiviñatorio de tirar alfinetes ou pedras

a un pozo, co fin de saber se un feito se cumpliría ou non. Se ó caer saíran burbullas, significaba que o que se solicitara se chegaría a cumplir.

Por razóns de espacio só citamos algunas das que “traen boa e mala sorte”. E resulta curioso que, para iso, elixira ó azar ás que consideraba que, pola súa extensión, podían ter cabida nestas páxinas... ¡E son 13! ¿.....?

Continuaremos na próxima revista. Ata entón ¡Sorte!.

Marín, xuño de 2002



Na antiga Grecia, o perexil considerábanlo coma unha planta sacra que simbolizaba o triunfo e a resurrección. Levados por esta crenza, os gregos adornaban as tumbas con coroas de perexil.

O CAMIÑO XACOBEO MARÍTIMO DAS ILLAS CASSITÉRIDES "A RUTA DAS ILLAS MAIORES (II)"

Por: Celestino Pardellas de Blas



...o "Candorca", ó temón da Cassitéride, xa deixara a illa de Tambo pola popa e, sorteando as bateas de mexillón, ía rumbo a Bueu. Ó chegar ó Cabalo de Beluso, baixou a vela e, vogando pasenñamente, disfrutou da paisaxe, das praias,..., e da zona natural de Cabo Udra, lugar onde a izou de novo e puxo proa á Illa de Ons, a súa próxima parada.


Ata agora a peregrinaxe começada na illa da Insua, fora un verdadeiro acougo despois de tantos anos de traballo no mar sen pisar terra a penas; sentíase ben, coidaba que fora unha boa idea segui-la teoría do seu amigo o "Xurelo" e face-la Peregrinaxe a Santiago seguindo a Ruta das Illas Cassitérides.

Axudado por unha brisa do norte, axiña chegou a Ons. Decidiu bota-la poutada no fondeadoiro natural da praia de Melide, da que tiña bos recordos da súa

mocidade cando ía a Ons, na dorna co seu pai, á centola. Pero antes acordou ir ata o peirao e achegarse á taberna para preguntar pola familia do "Robaliza", mariñeiro nativo de Ons que andaba embarcado con el nas Malvinas e que, cando decidira face-la Ruta e prepara-lo percorrido,



A Cassitéride achegándose a Ons



A "Laxe do Crego". Ons

contáralle centos de historias sobre esta Illa.

Deixou a Cassitéride fondeada a carón do peirao e dirixiuse ó pobo. Informáronlle que a familia do "Robaliza" tiñan a casa ó carón do Faro, no barrio do Cucorno. Ata alí subiu e, á porta, recibiu o avó do seu compañoiro, chamado Manolo.

Despois de explicarlle o motivo da súa viaxe e visita Manolo, que quedou moi agradecido por levarlle novas e saúdos do seu neto, ó que non vía dende hai uns anos, convidouno a merendar. Tomaron a típica merenda illán a base de pan de millo, acabado de saír do forno, mesturado con ovos caseiros, para rematar degustando o típico postre illán, o Bandullo.

Interesouse por escoitar da súa boca as numerosas historias e lendas que o "Robaliza" lles contara no barco, en especial a que facía referencia a un Sepulcro Antropomorfo que había nunha das praias da Illa, coñecida como Area dos Cans, do que o "Robaliza" dixéralle que nel estivera o Apóstolo Santiago antes de que os seus discípulos emprenderan a derradeira singradura cara a Padrón.

Pasaron un bo rato de parolada contándolle cousas do seu neto e con moita más confianza, o sr. Manolo convidouno a cear e ata baixou ó peirao para achegarse con el a Melide e axudarlle a amarrar a dorna. Fixeron

un tira-vira e quedou fondeada. Dende a praia, e por unhas corredoiras con fermosas vistas sobre a Ría de Pontevedra e a Lanzada, axiña chegaron de novo á casa, non sen antes parar nunha das súas fincas e axudarlle a cargar, nun carro de man, uns sacos de patacas que pola mañá andara a colleitar. Camiño da casa comezou a contarlle ó “Candorca” a historia da Laxe do Crego:

O MOSTEIRO DA LAXE DO CREGO

... a Illa estivo habitada dende tempos dos mouros. As casas tiñanas en Canexol (no Castro) e, na Cova dos Mouros, agochaban os seus tesouros. Nesa cova hai moitos pasadizos que levan ó mar e era por onde escapaban cando os atacaban.

Disque ó longo da historia á Illa viñeron moitos piratas e que, en Ons, se preparaban e aprovisionaban para atacar despois á Lanzada e subir pola ría de Arousa cara a Santiago en busca das riquezas do Apóstolo.

Houbo un tempo en que a Illa pertenceu ó Cabido Catedralicio e este pasouna, para a súa administración, ó Mosteiro de San Martín Pinario. Por esas datas viñeron monxes aquí e fundaron un mosteiro que estaba preto do mar, ó lado da praia de Area dos Cans.

Eses monxes dedicábanse á agricultura, á pesca do polbo e á oración. O polbo que pescaban disque o enviaban para Santiago. Un día, dende o alto do Castro, os veciños que vivian daquela en Ons viron como se achegaban cara á Illa unhas naves desconocidas procedentes da Illa de Sálvora.

Como era costume axiña fixeron unha enorme foqueira no alto do Cucorno, onde hoxe está o Faro, para avisar ós da Lanzada e que estos o advertisen ó resto dos pobos do Salnés, por se viñan en plan de ataque ou raspiña.

Ó chegar a Ons intentaron saqueala. Os veciños fixéronlle fronte, pero foron derrotados con rapidez. Ante o medo, decidiron refuxiarse todos no mosteiro.


Os piratas, que disque eran Normandos, intentaron infructuosamente derriba-la enorme porta do mosteiro, pero non o conseguiron, polo que decidiron prepararse para realizar un ataque definitivo.

Cando xa tiñan todo argallado e preparado e ían a comeza-lo asalto, viron con asombro como polo mar e a gran velocidade iase formando unha enorme onda que a medida que se achegaba cada vez era máis grande. Mirando que podería chegar a superar a Illa, atemorizados, escaparon cara a banda contraria e refuxiáronse nas furnas existentes.

Escoitaron un enorme estrondo e alí quedaron durante un tempo. Ó coidar que todo pasara, saíron e cando chegaron ó lugar onde se atopaba o mosteiro, quedaron abraiados. Non podían dar creto ó que miraban os seus ollos: o mosteiro desaparecera e non había rastro ningún del, só unha sepultura, escavada na rocha, tapada cunha enorme lousa.

O avó do “Robaliza” era unha persoa moi afable e disfrutaba contando todo tipo de historias, contos, lendas, anécdotas,..., o que provocou que a noite se botara enriba.

As historias de meigas, da Santa Compañía, de encantamientos,..., puxeron nervioso ó “Candorca” ó pensar que tiña que percorrer boa parte desta Illa meiga




Pedras moi traballadas da base dun piorno no Canexol

e chea de “espíritus nocturnos” para chegar á praia de Melide, polo que, aínda que era un home corpulento e curtido lobo de mar que navegara por tódolos mares do mundo, non dubidou nin un chisco cando o sr. Manolo convidouno a quedar a pasa-la noite na súa casa. ¿Sería medo ou comodidade?; o certo é que un pouco asustado estaba e como a noite estaba tranquila, a dorna non corría perigo.

Á mañá seguinte e antes de comeza-la nova singradura cara á Illa de Sálvora, o sr. Manolo levouno ata a praia de Area dos Cans para que mirara de preto a Laxe do Crego e aproveitar tamén para ensinarlle as pedras, moi ben traballadas, que serven de base a uns piornos que hai en Canexol e que, dende logo, el mantén a teoría de que non foron esculpidas para servir de apoio á cámara do piorno. Sempre se preguntou ¿Pertencerían ó mosteiro?

Despois de despedirse, decidiu ir vogando de vagar ata a punta do Centulo; a noite fora moi longa e a base de caldeirada de maragota, bandullo, viño e algunha copiña de caña, víase na necesidade de facer algo de exercicio para poñelo seu corpo en condicións.

Como era un día de calma chicha e aínda recordaba a frase que lle dixera o avó do Robaliza: “*hoxe non morre un mixto*”, decidiu seguir vogando ata que veu que pagaba a pena iza-la vela. Ó dobrar San Vicente do Mar, xurdiu unha brisiña do noroeste que o animou a deixar os remos e comezar a velear.



Antiga fábrica de Salga, Illa de Sálvora

Cando chegou a Sálvora, saíulle ó peirao o vixiante da Illa, que era de Stª Uxía de Ribeira, para prohibirlle a entrada xa que é unha Illa privada. Iniciaron unha conversa onde, como facía sempre, explicoulle o motivo da súa viaxe. Non houbo que gastar moita saliva para

convencelo pois, ó comentarlle o “Candorca” que era sobriño do sr. José (O mellor carpinteiro de ribeira que había en Aguiño), Arturo, que así se chamaba o vixiante, que o coñecía, non lle puxo atranco algúin para que percorrera a Illa e visitara o Faro.

Deron unha volta por esta Illa virxe, miraron a antiga fábrica de salgazón hoxe convertida en Pazo; as casas do que fora o pobo illán; visitaron a Capela,..., e foron dando un paseo ata o Faro. Alí puxéronse a falar co fareiro que, na súa soildade, agradeceu a visita. Sen máis comenzaron as historias, como as referidas á Santa Compañía; a do cabaleiro Roldán que chegou a Sálvora fuxindo dos seus inimigos; dos milagres da fonte de Santa Catalina e da cova que se atopa ó seu carón e que comunica a Illa coa próxima vila de Ribeira;...; pero dende logo a que máis lle impresionou foi o relato do afundimento do vapor <Santa Isabel> :

O NAUFRAXIO DO VAPOR < SANTA ISABEL >

O buque saíra de A Coruña o 1 de xaneiro de 1921 con destino ó porto de Vilagarcía. Durante a viaxe desatouse unha forte tormenta que facía moi difícil a normal navegación que debería levar este vapor.

Contaba o segundo oficial que ás 12 da noite tomaran a situación co faro da Illa de Sálvora, estando o buque a oito millas del. Pasado un tempo unha forte chuvascada obrigou a reduci-la marcha pois impedía a visibilidade das luces de Sálvora e Ons.


O barco navegaba lentamente preto da Illa de Ons, cando ollaron unhas rochas pola proa do barco, polo que deron a orde de retroceder. Segundo parece as malas condicións metereolóxicas e, o feito de ir o buque en lastre, impidiu que esta manobra se realizara satisfactoriamente, o que provocou o seu encallamento nunha posición bastante perigosa.

O temporal arrastrou o barco contra os baixos coñecidos como “Pagán” e “Filla de Pagán”, preto da punta de Besueiros, mesmo ó pé do Faro da Illa. O mal tempo reinante deixou inutilizados unha boa parte dos botes salvavidas que complicou ainda máis a traxedia deste vapor.

A tripulación intentou con tódolos

medios ó seu alcance poñer a salvo ós pasaxeiros.

Os oficiais tiñan esperanzas, áinda que o mar era un inferno, de que chegasen auxilios, pero sobre as 9 da mañá o <Santa Isabel> comezou a afundirse pola parte de popa onde se refuxiara unha grande parte dos pasaxeiros. Algunxs puideron subir ós botes salvavidas pero o mar era salvaxe.



O Vapor "Santa Isabel"

Deuse a triste visión dunha nai que, en cuberta, intentaba amparar co seu corpo a cinco pequenos. O mar íaos arrincando, un tras outro, dos brazos daquela muller que afogaba de dor. Ó final, ela tamén pereceu.

Moi importante foi o excepcional valor dos veciños e veciñas da illa nos labores de rescate.

Por aquellas datas a Illa de Sálvora contaba con aproximadamente 35 veciños. Aquela noite deitáranse cedo por mor do mal tempo reinante.

Cando comezaban a concilia-lo sono, escoitaron uns berros pedindo axuda. De seguida todos saíron a ver que ocorría. Era o torreiro que pedía auxilio dando a nova do afundimento dun barco fronte ó Faro.

Todos acudiron ó lugar para intentar botar unha man. Saíron tamén cara á zona do naufraxio dúas dornas; unha tripulada por mariñeiros con experiencia e outra por mulleres.

A súa valentía deu os seus froitos xa que puideron, áinda que a furia do mar non permitía grandes alardes, salvar a moitos naufragos.

Contan que as escenas vividas foron

arrepiantes. Berros de dor, de pánico,..., dos naufragos que intentaban achegarse ós cantís e que o forte mar os esnaquizaba contra as rochas.

Perderon a vida 213 persoas nese naufraxio, o máis terrible que se recorda nas costas galegas. Importante foi a concesión á vila de Ribeira do título de "Moi Nobre, Moi Leal e Humanitaria" polo valor e a coraxe amosados polos seus veciños nos labores de rescate.

Pasou a noite no faro convidado polo fareiro. Á mañá acompañouno ata a Illa de Rúa, pois tiña que comprobar o Faro alí existente. Atracaron nun pequeno desembarcadoiro para percorrela. Ó "Candorca" traíalle moitos recordos xa que nela, cando era mozo, paraban a descansar entre lance e lance.


Contáralle o seu pai que durante a Guerra Civil Española alí houbo un destacamento para controlar os barcos que entraban e saían da ría. Tiñan un canón de emprazamento fixo e dous barcos, "Juan José" e "Luisito", ían diariamente desde Ribeira a levarlle provisións.

Revisado o Faro, regresaron pasando ó carón doutras illas más pequenas como as Sagres, as Centolleiras, o Falcoiro, Vionta, Noro,..., con innumerables historias e lendas, nas que non se vai a entrar xa que só, nesta singradura, ía a falar das Illas maiores.



Casas da Illa de Sálvora

No peirao de Sálvora despediuse de Arturo e do fareiro; izou a vela e puxo rumbo cara ás Illas de Arousa e Cortegada, as súas próximas e últimas paradas desta marabillosa Ruta Marítima das Illas Cassiterides, das que falaremos no próximo número.



O CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO (II)

Por: Isidro de Malet Andreu

O CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO

◆ Santiago de Compostela

- ◆ Ames
- ◆ Teo
- ◆ Rois
- ◆ Padrón
- ◆ Pontecesures
- ◆ Valga
- ◆ Caldas de Reis
- ◆ Portas
- ◆ Barro
- ◆ Pontevedra
- ◆ Vilaboa
- ◆ Soutomaior
- ◆ Redondela
- ◆ Mos
- ◆ Porriño
- ◆ Salceda de Caselas
- ◆ Tui
- ◆ Valença do miño
- ◆ Vilanova de Cerveira
- ◆ Camiña
- ◆ Paredes de Coura
- ◆ Ponte da Limia
- ◆ Barcelos
- ◆ Oporto

ARMAS
DA ZONA
GALEGA


O CAMIÑO PORTUGÜÉS A SANTIAGO (II)

Por: Isidro de Malet Andreu

ARMAS DO CONCELLO DE TUI

Partido, o primeiro de azur cun crecente de prata, figurado e contornado. O segundo de azur tres estrelas de ouro dispostas en pao.

Este escudo é o da antiga capital da provincia. O número de estrelas foi variable, pero dende o século XVII aparecen constantemente tres.



ARMAS DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS


De azur, a portada do pazo de Avalle, de prata. O jefe de sable un sol radiante, de ouro, sostido por dous anxos axeonllados do mesmo metal.

Con anterioridade existía outro escudo, de azur nel figuraba unha galería formada por nove columnas de ouro, asentadas sobre un muro de ouro, mazonado de sable, que soportaban unha ponte de varios ollos, de ouro mazonado de sable.



ARMAS DO CONCELLO DE PORRIÑO


De azur, unha ponte de tres ollos, de ouro e mazonado de sable sobre a ponte e movinte do flanco sinistro unha igrexa de prata mazonada de sable, a ponte movinte sobre un mar de seis ondas de prata e azur, tres de cada.



ARMAS DO CONCELLO DE MOS

Partido. O primeiro de ouro unha rosa cun talo e follas na súa cor (da casa de Quirós). O segundo de prata tres fajas jaqueladas de ouro e gules dispostas en dúas ordes (armas dos Soutomaior, esquematizadas).

Con anterioridade posuía un escudo, sen cartela formado por unha rosa co seu talo e follas, timbrado por unha coroa real.



ARMAS DO CONCELLO DE REDONDELA


De prata (en outros de ouro) no corazón do escudo unha R maiúscula de goles, nos cantóns destro e sinistro do jefe e no centro da punta, tres veneras de ouro perfiladas en sable.

Este escudo aparece na sancristía da igrexa parroquial de Santiago xunto co ano de 1714 (data de conclusión das obras).




ARMAS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Ovalado, de prata un castelo donjonado de ouro, mazonado de sable en centro do jefe unha coroa real pechada.




ARMAS DO CONCELLO DE VILABOA

Destas novas armas, distintas ás que figuran na Deputación Provincial, descoñecemos os metais e os esmaltes. Dúas torres aclaradas sobre un movinte fajado e ondulado. Bordadura con oito trabas unidas por outras tantas argolas.




ARMAS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

De azur unha ponte de ouro de tres ollos, mazonado en sable sumado, á destra un castelo e a sinistra por unha muralla adiestrada dunha torre, no centro unha cruz latina piscinada, todo elo de ouro, mazonado de sable e aclarado de goles. A ponte movinte sobre un fajado de ondas de prata e azur en número de sete, catro e tres.




ARMAS DO CONCELLO DE BARRO

Tronchado. O primeiro de azur, un outeiro de sinople rematado por unha muralla de prata mazonada de sable movinte da destra un sol nacente, radiante, perfilado de sable. O segundo unha combinación de azur e ouro.




ARMAS DO CONCELLO DE PORTAS

De azur, unha porta amurallada e defendida de dúas torres de prata mazonadas de sable e aclaradas de azur. Bordadura camponada de dezaseis pezas, oito de ouro e outras tantas de gules e estas cargadas de tres fajas de prata. Estas armas son distintas ás que figurán na Deputación Provincial.



ARMAS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Cuartelado. O primeiro de gules, sobre un outeiro do mesmo, un rei armado dunha espada, todo de ouro. O segundo de azur unha vila de prata en jefe, un feixe de tres frechas de prata. O terceiro, de azur unha muralla pechando un castro, todo de prata e mazonado de sable, en jefe as letras A Q C C en sable. O cuarto, partido, o primeiro unha ponte de prata, no seu centro unha cruz piscinada, mazonado de sable e sobre un mar de azur, o segundo unha ponte de prata no seu centro unha cruz de prata piscinada, todo elo mazonado de sable e sobre un mar de azur.



ARMAS DO CONCELLO DE VALGA

Ovalado, de gules unha ponte de prata dun só olllo, mazonado de sable, na parte superior do escudo un cordeiro de prata suxeito a un estribo de prata.


Existe un escudo tallado en pedra, nunha fonte, no que a ponte ten tres ollos.



ARMAS DO CONCELLO DE PONTECESURES

De azur. Unha ponte de ouro de catro ollos de ouro, mazonado de sable, no cantón destro do jefe e colocado de forma oblicua as armas de España e no cantón sinistro do jefe as armas de Galicia, tamén colocadas oblicuamente.

As armas de España débense a que el-Rei D. Alfonso XII lle deu o título de Villa Real de San Luis de Cesures



ARMAS DO CONCELLO DE PADRÓN

En campo de prata unha barca co corpo de Santiago xacente, á proa e á popa da barca dous discípulos e á popa un anxo, todo na súa cor. Entre os dous discípulos unha cruz de Santiago de gules, (outros din que é o mastro da barca), a barca está suxeita a unha columna que está á destra do escudo, mediante unha cadea. En jefe unha estrela, entre dúas veneras as tres en ouro.



A POBRA, BOIRO E PORTO DO SON Ó CARÓN DA RUTA MARÍTIMA SOBRE AS VIRXES NEGRAS: A VIRXE DO MONTE

Por: José Carlos Vidal Suárez

Bibliotecario. Biblioteca Pública de Pobra do Caramiñal

É moi común representar ás divindades do mundo celta con froitos da terra e, cando así sucede, case sempre están vinculadas tradicionalmente con divindades da fertilidade. En realidade representarían á divindade céltica feminina na súa dimensión de terra productiva. Como a terra é, dun modo natural, fecunda, dunha fecundidade sempre renovada, a deusa terra era particularmente invocada polas mulleres estériles que desexaban ter un fillo. Máis tarde, xa en época cristiá, esta misión recaeua na Virxe e máis concretamente, nunhas virxes de cor negro, que comenzaron a estenderse con especial proliferación na Europa de cultura celta. Estas virxes negras seguiron tendo esa reputación milagrosa de conceder a fecundidade e, por extensión, ser protectoras dos nenos de corta idade. Como recordo daquelas cornucopias ou froitos da terra que portaban, moitas veces aparecían na palma da súa man cunha mazá. Pero detrás da mazá había moito más que esto. Recordemos que este froito é o símbolo de Apolo, é un froito solar, e Apolo entre os galorromanos é *Belenus*, o brillante, de tentadora analogía con *Lug*, nome que tamén pode dar “mazá”. Os fogos de *Bel* constituían parte importante das festas celtas e son moitos os indicios que hai en Galicia destas festas. En Beluso (Boiro), ata principios de século, a noite do 31 de abril baixaban os veciños das aldeas próximas polo monte con fachos acendidos ata a ponte de Beluso, onde hai, por certo, unha capela cun relevo que representa as almas dos defuntos ardendo no lume do Purgatorio.

O feito de que a virxe sexa negra sóese atribuír a que, coma antiga deusa da terra, debía ser de cor escura e incluso que era o aspecto que debía levar a antiga deusa en tanto escura rexente do mundo dos mortos, pois tamén este era da súa competencia. O que non cabe dúbida é que é imposible que o relato bíblico inspirase esa devoción popular á Virxe María, erguéndoa a unha posición próxima á deificación, sendo o más probable que o culto á Virxe proveña

do antigo culto á deusa nai do mundo do Mediterráneo oriental e da Europa precéltica¹. Pensemos ademais que o nome da nai da Virxe era Ana e que este nome quedou establecido en Europa, durante os primeiros séculos do cristianismo. Ana chamábase a unha antiga deusa celta relacionada coa terra². En Bretaña o culto a Santa Ana foi máis sólido e popular que en calquera outro sitio, e correspondíase, sen dúbida, cunha deusa terra, pois alí era protectora das colleitas, dos nacementos e das minas (pois estas están baixo terra), sobre todo nas rexións arxentíferas, xa que, igual que a Nosa Señora, ela representa a prata e a lúa, mentres que Xesús Cristo é ouro e o sol. Sería incluso perigoso establecer diferencias entre ámbolos dous cultos, pois é moi posible que na Idade Media se producira unha asimilación entre o culto da Virxe e o de Sta. Ana. Nalgúns sitios aparece tamén a imaxe de Santa Ana en cor negro, como no vitral de Chartres.

A profusión de virxes negras adoradas en Galicia e na Europa céltica, en xeral, parecen, pois, gardar o



¹Por citar un exemplo, tan só entre os deuses eslavos do Báltico, as fontes transmitíronnos uns 15 nomes de deuses cun importante aspecto ctónico, entre outros podemos citar a Zcerneboch, é dicir, “deus negro”. Tres destes 15 nomes fan referencia precisamente a dita calidade (Tjarnaglofi, ou “cabeza negra”, Siva ou “deusa negra” e Pripegala, o ennegrecido).

²Dana na literatura irlandesa. Thuatha de Dana ou Tribú da deusa Ana.

recordo dunha deusa de terra celta, áinda que de orixe precelta. En realidade, pertencería a aqueles *mouros e mouras*, de pel negra ou escura, que poboaban as terras galaicas antes da chegada dos celtas. Parece fóra de toda dúbida que *mouro* é un termo que nos remite á nosa mitoloxía máis antiga. Persoalmente son da opinión de que faría referencia a un pobo megalítico que se asentaba aquí e precedeu á chegada dos celtas. Equiparariáse perfectamente no folclore irlandés cos *Tuatha Dé Dannan*. Os *mouros* son responsables, como aqueles, de tódalas construccions megalíticas (mámoas, dolmens, menhires) de Galicia, se ben é certo que tamén se lle atribúen os castros, pero esto é, sen dúbida, unha deformación posterior. Se afondamos o suficiente no folclore veremos que en realidade os *mouros* viven debaixo dos castros, en subterráneos e túneles, facendo, quizais, con esto referencia ás poboacións (que tantos problemas formulais ós arqueólogos dado que non se atopan os seus *hábitat*) de aqueles constructores de megalitos, recordemos que cada vez son máis os arqueólogos que entenden que deben escavarse os castros para atopar os fogares de aqueles pobos, xa que, segundo eles, hai unha continuidade de poboación inequívoca de principios do Bronce ó Ferro. Pensemos que os *Tuatha Dé Dannan* tamén son relegados, coa chegada dos gaëls, primeiros poboadores celtas de Irlanda, ós túmulos, é dicir, ós megalitos, converténdose desta forma nos seus dominios máxicos, no universo dos “*sidh*”, no Outro Mundo. A mesma palabra *mouro* indica unha cor escura, de cute morena ou cabelo negro, e o mesmo Alonso del Real era da opinión que había que considerar a estes como de baixa estatura, cor escura e orixe africana, e convén saber que as últimas investigacións xenéticas e lingüísticas relacionan a poboación norteafricana con vascos e iberos, e mesmo cos europeos máis occidentais, irlandeses, britónicos, bretóns e franceses. Ademais, resulta cando menos curioso, que o demo rural galego teña esa apariencia (pequeno, moreno e de pelo negro ou sombreiro)³, coma se fose unha pervivencia de aqueles *mouros*.

A ermida da Virxe do Monte (A Pobra do Caramiñal) garda no seu interior unha Virxe de Belén. O seu rostro e mans conservan parte dunha pintura negra que, ó parecer, a cubría por completo ata fai uns anos no que se decidiu suprimirlle dita cor, se

ben, e a pesares do empeño posto, non foron capaces de eliminalo totalmente.

A profusión de virxes negras adoradas en Galicia e na Europa céltica, en xeral, parecen gardar o recordo dunha deusa da terra celta, áinda que de orixe precelta. En realidade, pertencería a aqueles mouros e mouras, de pel negra ou escura, que poboaban as terras galaicas antes da chegada dos celtas.



O achado da imaxe segue a pauta doutras virxes negras. Segundo nos relatan, atopouse soterrada no mesmo lugar onde hoxe se levanta a ermida. Trasladada á igrexa, a imaxe volvía ó sitio onde aparecera, ata que, finalmente, decidiuse facerlle unha ermida nese mesmo lugar. Sen embargo, o feito de que se trate dunha Virxe de Belén, fainos sospeitar que, nun principio, mais que unha capela habería un cruceiro de capela. Sospeita que se fai mais evidente ante a cruz que se levanta na fachada e que, sen dúbida, pertence a un cruceiro. Na súa man dereita parece levar un froito, quizás unha mazá. De feito nunha romaría que se celebra a poucos quilómetros de distancia, na parroquia de Noal (Porto do Son), a Virxe da Balvenera, ten unha mazá na súa man dereita. A imaxe orixinal, segundo contan, foi atopada no oco dun carballo e a fermosa coroa que leva, ó parecer, é recordo de que a persoa que a atopou (por certo, un ladrón) viu que estaba rodeada na súa cabeza por un enxame de abellas. O ladrón alí mesmo se converteu e ergueu unha ermida.

³Esta descripción parece tamén gardar unha estreita relación co consumo de substancias enteóxenas, en concreto Amanita muscaria, pois, sen dúbida, este tipo de manifestación é arquetípica deste fungo.

AS RÚAS DE PONTEVEDRA NO CAMIÑO PORTUGUÉS

Por: Pepy Clavijo

Pontevedra, a capital da provincia, ten un destacado papel dentro do Camiño das Peregrinacións (Camiño Portugués). A primeira visita a facer sería á igrexa da “Virgen del Camino” (hoxe desaparecida).

A RÚA DA “VIRGEN DEL CAMINO”

Esta rúa atopámola entre a de Sagasta e a de Eduardo Pondal. O seu nome débese a que, no solar da actual Fray Juan de Navarrete, existiu unha capela baixo a advocación da “Virgen del Camino”, que formaba parte do Hospital de leprosos xa que se atopa no Camiño de Santiago portugués, o camiño das peregrinacións que partindo de

Lisboa, a “princesa del mar océano”, seguía por Cartaxo, Santarem, Golego e Tomar, onde en 1581 foi coroado Felipe II, como rei de Portugal; este camiño seguía por Coimbra, Agueda e Porto. A continuación pasaba por Azuzara, Vila do Conde e Barcelos. Ponte da Lima era o lugar de confluencia con outras das rutas xacobeas. Pasaban despois por Valença e xa en Tui o camiño era c o m p l e t a m e n t e



Capela da Virxe Peregrina. Pontevedra

pontedeiros: Porriño, Redondela, Vilaboa (chamada o xardín do Morrazo), por Figueirido, Bértola e Tomeza chegamos á capital e era a Capela da “Virgen del Camino” a primeira parada xa que, xunto coa de Santiago do Burgo, era o lugar de descanso e acollida dos peregrinos antes de continuar viaxe a Compostela.

Á actual rúa chámasele “Camiño Vello” por ser o camiño medieval construído sobre a Vía Romana.

Foi unha das capelas más antigas da cidade; crése que xa existía no século XIII. Sufriu diversos cambios nos séculos seguintes. En 1572 modifícase a fachada e dous séculos despois, o hospital de leprosos praticamente desaparece coa demolición dos últimos barracóns. Na segunda metade do século XIX alzáse a nova capela da Peregrina e a devoción volcase, por parte dos fieis, cara

a nova advocación ainda que a virxe sexa a mesma.

Cando a guerra da Independencia a capela foi ocupada polas tropas francesas e coa desamortización de Mendizábal perdeu todas as rendas, quedando en completo abandono e finalmente en ruínas. En 1936 foi demolida, desaparecendo con ela, senón unha xoia arquitectónica, si unha das capelas que existían en Pontevedra e que, ós poucos, foron caendo: “*sin causa que lo justifique, buscando pretextos, que nunca faltan...*” segundo palabras de Sánchez Cantón, cando nos fala do “Derribo de iglesias de Pontevedra”.

A capela da “Virgen del Camino” comunicábbase co cemiterio que se atopaba no que hoxe é a rúa Sagasta, antes de que o trasladaran a San Mauro.

A campá desta capela consérvase na actual igrexa da “Virgen del Camino” e o cruceiro podémolo ver no camiño do Gorgullón.

A festa da “Virgen del Camino” celébrase no mes de setembro. Eu descubrira en 1950, á miña chegada a Pontevedra, sobre todo polo mercado das cabazas que tiña lugar nos aledaños da rúa Sagasta onde se atopaba o colexio Minerva, primeiro ó que asistín nesta cidade.

A “Virgen del Camino” tamén é venerada en León polo que podemos dicir que a entrada a Santiago, tanto polo Camiño Francés como polo Portugués, os peregrinos eran recibidos pola “Virgen del Camino”.

RÚA, PRAZA E IGREXA DA PEREGRINA

Dende a “Virgen del Camino” chegabamos á praza e igrexa da Peregrina que foi construída no século XVIII, con planta circular en forma de cuncha de vieira, unha auténtica xoia do barroco.

Da praza, e ata a Avenida de Vigo, estendese a rúa Peregrina que é parte da vía romana Per Loca Marítima



Altar da Capela da Virxe Peregrina

e entrada dos peregrinos portugueses cara a Santiago.

A Virxe Peregrina está moi relacionada coas peregrinacións e Pontevedra é unha das etapas principais, onde descansaban antes de atravesar a Porta de Trabanca para seguir pola rúa Real, logo outro alto en Santiagüiño do Burgo e, de seguido, seguir camiño cara a Santiago.

A praza chamouse da “Libertad” y de Salmerón a rúa en 1931, para logo pasar a denominarse da Peregrina.

Non hai moitas representacións da Virxe vestida de peregrina áinda que si as hai na área da provincia, na zona de A Coruña e en zonas tan afastadas como México e California a onde foi levada a devoción polos franciscanos.

No museo de Pontevedra hai unha táboa do século XVIII que representa á Peregrina Virxe do Refuxio, como patroa das misións dos indios apaches.

Cando se comezou a construír o Santuario reinaba en España Carlos III. Pontevedra comezaba a perder o seu esplendor da época dos gremios e confrarías pero, a pesar de todo, foi capaz de, en só once anos, erguer esta magnífica obra, gracias á idea de Jose de Mier, a decisión de Ignacio Ponte e os planos do mestre Souto.

A devoción a esta Virxe xurdiu a mediados do século XVIII, traída desde Sahagún de Campos (León) polos peregrinos a Santiago, a Confraría decidiu construír un novo templo.

Para elo, solicitou ó concello uns terreos preto da porta de Trabanca, lugar onde estivera a picota. As obras comenzaron entre marzo de 1777 e xuño de 1778, segundo o planos de Antonio Souto, sargento do Rexemento de Milicias, autor tamén da porta de Santo Domingo. Hoxe é a porta da Delegación de Facenda en Pontevedra.

O Santuario ten forma de cuncha de vieira, coa capela cadrada. A fachada é barroca e convexa, con tres hornacinas nas que podemos ver as imaxes da Virxe co neno, Santiago e San José.

É un Santuario construído con influencias portuguesas, sobre todo pola cor branca moi similar ás igrexas do norte de Portugal. Completan a bela panorámica dúas fermosas torres. Entre ambas destaca un frontón partido coa alegoría da fe.

No atrio interior e, como pila de auga bendita, atópase unha cuncha de gran tamaño traída dende o Pacífico polo Almirante Méndez Núñez, gran devoto da Virxe Peregrina.



Pila de auga bendita, traída polo Almirante Méndez Núñez

A virxe preséntase co neno en brazos, vestidos ámbolos dous de peregrinos. Levan esclavina, bordón e cabaza con sombreiro e vestido, segundo a moda de Luís XV.

A RÚA REAL

Unha das portas de entrada á cidade vella, a de Trabanca, atopábase ó carón do Santuario da Peregrina; logo seguiamos polo que foi Camiño Real, hoxe rúa, para chegar á ponte do Burgo, que nos recorda que foi Fernando II quen en 1163 concedeu os foros á vila que alcanzaría o seu máximo esplendor nos séculos XIV ó XVI.

Esta rúa cruza de sur a norte a cidade, cidade que durante séculos estivo rodeada de murallas. Antigamente todas as casas desta rúa eran tendas cos más diversos artigos, desde pan ata carnes salgadas.

Era a máis concorrida, a máis clásica e a máis chea de vida na Pontevedra de finais de século XIX. O seu nome ven de Camiño Real, áinda que tamén se lle chamou rúa dos Alfayates, por mor dos numerosos xastres que nela había. Antes de chamarse definitivamente Real, estivo dividida en dúas partes e cada unha tiña o seu propio nome.



Fonte dos Tornos. Rúa Real

A primeira ía dende a praza de Curros Enríquez ou de Saturno ata a Fonte dos Tornos, e era coñecida por Rúa do Hospital, debido a que, a finais do século XIV estaba alí o Hospital de San Juan de Dios que incluso tiña igrexa propia.

A segunda parte ía dende os Tornos ata o final da rúa e chamábanlle rúa de Rego polo manancial de auga que alí existía.

Deixaremos a rúa Real e pasaremos a ponte do Burgo para atopar un Cruceiro que marca o lugar en que estivo a Capela de Santiagüiño, hoxe convertida en Igrexa Parroquial que foi cambiada de lugar conservando só parte da súa fachada.

Dende aquí continuaremos cara a Santiago, deixando atrás Pontevedra.

CAMIÑANDO POLAS RUTAS MARÍTIMAS MUIÑOS DE MAR OU DE MAREA - II

Por: Lino J. Pazos Pérez



Continuando coa descripción dos muíños de marea que áinda se poden contemplar en Galicia, abordaremos os que se atopan na provincia da Coruña, comezando pola ría de Muros/Noia, onde temos un dos mellores exemplares, que ocupa un ben restaurado edificio no que se albergan as instalacións dun museo etnográfico.

Trátase do *Muíño de Marea de Muros* construído no ano 1815 por un emigrante adiñeirado. A industria, parece ser, non tivo moita fortuna e a comezos do século XX a empresa estaba completamente arruinada, empezando o deterioro das instalacións por falta de orzamento para a súa conservación.



Nos primeiros anos dese século chegou a funcionar como muíño movido pola electricidade, pero tamén rematou abandonado.

O Concello decidiu recuperalo na década dos noventa, con tan mala fortuna que ós poucos meses de ser inaugurado pola daquela ministra de Cultura, Cristina Alborch, sufriu as consecuencias dunha terrible riada que levou por diante boa parte da construción.


A zona máis afectada foi a que soportaban os arcos, en número de catro, que conforman a parte esquerda do muíño.


A reconstrucción non se fixo esperar e ós poucos anos o *Muíño de Marea de Muros*, orgullo do pobo, quedou de novo arranxado e listo para poder visitarse o Museo Etnográfico que se instalou nel.

Muíño das Torres de Cereixo

Ós pés mesmo do fermoso pazo dos señores de Cereixo, na parroquia de Santiago de Cereixo, Vimianzo, atópase un dos poucos (en Galicia é o único) muíños de marea que ten na súa fachada o brasón dos antigos propietarios.

Esta edificación foi mercada nos anos sesenta polo bailarín Manuel Rey de Viana, que o restaurou completamente.






Os arredores non poden ser máis deprimidos cunha presa chea de refugais que atoparíase nun saco da Ría de Ferrol.

Unhas veciñas contamindo as augas de toda clase e coa presa chea de refugais de recordabannos, cando se fomas facer as fotos

considerable.

O terroso de río Freixo, que ten 6 km de extensión, é o maior río de Galicia.

Movido polas augas do río Freixo, que tamén é seu



Acceso da Marea

é ruinoso e, parece ser, mantén entornados os propietarios de río Freixo. Situado na parroquia de Xuiba, Narón, o seu estadio

é 6 Concello de Narón debido a los intentos para, dunha vez por

todas, restaurar esta peaza unica de muíño de rodicio vertical

de tamáns proporcións.

Muíño de Acceso de San Martiño

O escudo citado está na Fachada que se asoma á ría, sobre o arco de saída das augas.

Todo cuando na época festival os muíños dos ríos e regatos suficiente para dar servizo a boa parte da bisbarra, sobre todo quando na época festival os muíños dos ríos e regatos non molan por falta de auga.

Conta cunha presa de escasas dimensións pero



a desagadouros incontrollados.

E unha mágica que a carón seu se atopou augas pestilentes, posiblemente debido ao Museo dos Muíños no seu interior, mais absoluto dos esquemamentos, foron totalmente restauradas e na actualidade instalações, durante moitos anos no De considerable tambo, as suas conserva.

Este muíño ésta considerado como polo menos o máis antigo que se expousicions.

No Museo dos Muíños e sala de nome, na parroquia de Burgo, Culleredo, recentemente restaurado e convertido en exposicións.

Engadirase no lugar do mesmo

no Museo dos Muíños e sala de

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.

Este muíño ésta considerado como

polo menos o máis antigo que se

exposicions.


para este traballo, como noutros tempos aquela zona era das mellores da bisbarra e á praia de fina area sombreada por enormes castiñeiro acudía o mellor da sociedade ferrolá.

Parece ser, comentan as nosas interlocutoras, que a dona do muíño casou cun mariño alemán durante a II Guerra Mundial e que finalizada esta, instalaron no edificio un galiñeiro que co paso do tempo non resultou economicamente viable. Aínda se pode ver a través dunha fiestra a inscrición alusiva a tal actividade.

Muíño de Marea de Cuiña

Levántase no medio dunha enorme enseada lamacenta pertencente ó Concello de Ortigueira.


Na actualidade (2001) parte do teito da construción caeu sobre as moas, e os muros están a piques de derrubarse, o que significa que se non se toman rápidas medidas de consolidación este muíño podería esborrallarse definitivamente en poucos anos.



A casa propietaria do muíño está en bastante mal estado de conservación sendo unha pena que hoxe en día se poida deixar de lado un atractivo turístico de esa orde, que podería ser restaurado sen demasiado custe e que suporía para a comarca un caudal considerable de visitantes.

Acea de Neda

Aínda que a enerxía utilizada por esta Acea lla proporcionan exclusivamente as augas dun río, inclúoa



neste traballo pola súa importancia. Trátase dunha sobria edificación situada na desembocadura do río Grande, en Neda, a carón mesmo da ponte que leva cara a Xubia e Ferrol.

Esta construción e as que están arrimadas a ela necesitan, o mesmo cá do concello veciño, de urxentes obras de acondicionamento se non queremos que acaben por esborrallarse completamente.

O teito xa desapareceu case que na súa totalidade e as fendas do seu arco de desague indican o deterioro constante que está a sufrir esta centenaria construción, noutros tempos considerada como das mellores e más modernas de Galicia.

Neda tivo o orgullo de ser unha das principais promotoras da industria

galega cando no seu concello se instalaron fábricas de curtidos, de fíos, estaleiros, cravazón, papel, etc.

Lino J. Pazos

LAREIRA E POTE DE SANT IAGO

Por: Xavier Barreiro

Dende 1850 ata 1903 pasaron polo Hospital Real de Santiago once cociñeiros, nove confeiteiros, oito panadeiros, tres chocolateiros, un castañeiro, catro camareiros e un carniceiro. Todos eran peregrinos de fóra de Galicia, entre outros: Martín Josef, cociñeiro de Marbella e veciño de Pares, Francia; Alejo Casin, confeiteiro de Valladolid; Domingo Martínez, panadeiro de Estella, e Jorge Vález, chocolateiro de Subira, ámbolos dous de Navarra. Da súa estadía por terras do Apóstolo nada sabemos, nin se traballaron en Galicia ou se intercambiaron coñecementos cos profesionais galegos daquel entón. Nun modelo social de gastronomía autárquica como a galega, pouco amiga de innovacións por mor da escaseza naqueles anos, cunha terra xenerosa en recursos e produtos alimenticios pero mal aproveitados, é posible que o único que asimilase a nosa cultura alimentaria dos peregrinos fosen algúns termos lingüísticos coma broa ou boroa, palabras derivadas do francés burona, coa que se especificaba calquera tipo de fariña; para complicar a historia hai filólogos que insisten na procedencia celta desta acepción gastronómica.



Naquellos datos o consumo de patacas e augardente xeneralizouse en Galicia. O almorzo dun campesiño do Val do Ulla, preto de Compostela, consistía nun líquido fervendo a base de medio litro de leite e dous de auga no que se afundían papas de broa con balor, comida nunha cunca. O xantar non pasaba de ser un caldo de verzas, ervellas e patacas con anacos de touciño rancio, quen o conseguía, e graxa de unto na maioría dos potes. Pola noite toda a familia sentábase ó redor do lume para cebar o caldo que sobrara do xantar. Os que podían traballar ó xornal contaban co compango (algo que comer para acompañar o pan), con sorte un pouco de

trigo, viño e augardente. Almorzar coa *parva* consistía nunha ou dúas copas de augardente ou anís, pan de boroa ou papas millas e patacas cocidas. Despois destas datas, e por mor da emigración masiva que provocou a falla de forza de traballo barata en Galicia, as cuadrillas de mozos na sega facían catro comidas: almorzo a base de patacas e arroz ou semellantes; no xantar caldo, carne cocida, touciño e pan; pola tarde, na merenda, outro guiso de patacas cunha pouca carne; caldo na cea.

O inglés Widdrington, quizais outro peregrino do século XIX, quedou abraiado pola calidade das nosas patacas “cocidas con cáscara, sin sal ni otro aderezo, echándolas después en un cesto de mimbre; tómanlas por desayuno durante todo el otoño, invierno o primavera las gentes del campo en tierra de Lugo”. Calquera destes homes quedaría abraiado ó descubrir que ata cen anos despois da súa chegada pouco cambiou nas lareiras e nos potes de Sant Iago. Non lle sucedería o mesmo referíndonos á mentalidade dalgún restaurador en activo. Cómpre dar unha visión xeral do que pudo ser galicia antes e despois desas datas no eido gastronómico.

Doutra banda, na nosa irredenta *Gallaecia* todo aquilo que máis alegra o bandullo é pecado, ou é moi caro, ou é prexudicial para a saúde, ou o que é peor, non sabiamos que se podía comer: cogomelos, algas, o caruncho do millo (*caviar azteca*), pineira, lapas, caracois e ourizos de mar. Hoxe en Galicia escóllese a comida co pensamento, intelixentemente, e gozamos dela co sentimento. Se ben hai quen come para vivir e quen vive para comer, situarse nun termo medio é trocar unha necesidade fisiolóxica cotiá nunha actividade que dá pracer ós sentidos facendo uso da cociña cos coñecementos e produtos que definen cada gastronomía. Por iso a cociña galega é unha arte que dalgún xeito materializa os valores culturais e os sentimentos dun pobo. A gastronomía vén sendo unha musa na lareira, a gramalleira que sostén o pote onde leveda o cerne desta arte.

Os condicionamentos que conforman a gastronomía de Galicia son: territorio e clima, entorno afectivo, crenzas relixiosas, semenzaire e recolleita, niveis cultural e socioeconómico, tradicións seculares (supersticións e festas gastronómicas), globalización alimentaria e novas tecnoloxías. Pero a cultura gastronómica está tan vencellada ós galegos,

chapantes (gourmets) ou non, que topamos con apelidos, alcumes e topónimos idénticos co mesmo nome dun alimento. Dase o caso dunha parroquia do concello de Zas (A Coruña) chamada San Pedro de Allo que ten dous lugares cos nomes de Cebola de Arriba e Cebola de Abaixo. Quen busque nos rexistros civís atopará nomes coma Xoana Albariño Rico, José Blanco Ribeiro, Manuel Amor Pan, Antonio Boo Pouso, e pescudando achamos apelidos galegos cun referente gastronómico coma Abraira, Agrelo, Albela, Ameixeiras, Ameixón, Amorós, Arcea, Avelá, Avelaira, Becerra, Bruño, Carolo, Centeo, Cerdeiras, Cervo, Cochón, Cociña, Coello, Corbelo, Cordeiro, Cortizo, Cotón, Cunqueiro, Espiña, Fariña, Feixó, Figueiras, Laranga, Leite, Leituga, Loureiro, Maceira, Manteiga, Maquieira, Nabaza, Noceda, Nogueira, Oliveira, Olveira, Pan, Pardal, Pereira, Piso (do latín *pisum*, chícharo), Pombo, Queipo, Requeixo, Rolón, Saborido, Salgado, Tenreiro, Torrado, Touriño, Trigo, Xato (castelanizado en Jato, becerro de leite) e tantos outros. Os alcumes non son quen de fuxir do eido da cociña galega e así tópanse algúns, con retranca escatoloxica incluída, coma Pardal, Anguiacho, Furón, Papanoces, Cagamillo, Lambebas, Papaberzas, Lorcho, Biosbardo, Parrulo, Escarapote, Comecastañas, Parrocha, Chuchamel, Zarrabullo, Lambebris, Castaña do demo...

Os condicionamentos do entorno de Galicia agroman nos microclimas que permiten a diversidade das plantacións cunha cultura agrícola propia e local. Adaptarse ó entorno xeográfico significa consumir os alimentos dispoñibles nesa zona co máximo rendemento de nutrientes cun mínimo gasto enerxético. No caso galego temos exemplos nos dous bandos: millo e grelo. Outra peculiaridade é o minifundismo, que requiría moito esforzo para un escaso rendemento da terra coa axuda da vaca galega que proporcionaba forza de traballo, esterco, coiro, leite e carne.

As tradicións seculares da nosa gastronomía teñen o cerne no tempo dos castrexos. Deles asimilamos o costume de abarroutar o bandullo dos convidados (encher ata a fartura), a cortar a comida posta enriba do pan e a afección pola esmorga. Hai arqueólogos e historiadores que afirman a orixe castrexa do caldo de verduras con carne e fabóns (sen patatas nin fabas, ámbolos dous de orixe americano), do centeo e do orxo, da torta ou pan de landra que evolucionou en bica feita na pedra quente da lareira, da cervexa, do magosto, do San Xoán, das filloas e do xábón. Despois chegáronse os romanos co loureiro, as ortigas (para comelas e como remedio

medicinal), a salgadura, o viño, o Entroido, embutidos coma botelo e chourizos, e hai dúbidas de se tamén trouxeron as castañas, a galiña e outras froitas (a figueira puido chegar cos romanos ou con algún mercador de orixe mediterráneo), pero pódese afirmar que os césares apreciaban o queixo do Cebreiro e o viño Mencía que cataban en Roma. Dende aquí pouco evolucionou a nosa dieta ata a chegada da pataca e do millo que orixinaron novos costumes na alimentación.

Trouxemos o millo de América pero non a técnica azteca da *nixtamalización* que permite aproveitar todas as substancias nutritivas dese cereal; este proceso consiste en cocer o gran de millo en auga con cal para moelo logo de que perda a vaíña externa na cocedura. Ó igual cos aztecas soubemos plantar fabas e cabazo ó redor do millo para que non medrasen herbas debaixo das follas da cucurbitácea e aproveitamos a capacidade das leguminosas para fixar o nitróxeno na terra, en beneficio do millo. Así e todo, unha dieta baseada só no millo como cereal conduce a unha carencia de vitamina B provocando a pelagra, doença que era moi común na Galiza da costa, ademais de obstaculizar a asimilación de certos aminoácidos e proteínas na dixestión. Co millo e coas mazás dáse o paradoxo de que sendo grandes produtores non fomos capaces de producir a sidra que



consumimos nin de elaborar whisky (*bourbon chamaselle* a este licor feito con millo) coa inmellorable calidade das augas da Galicia dos mil ríos. Anecdóticamente elaborouse durante catro anos un licor feito de toxo que non tivo aceptación. Na Galicia interior topamos co bocio por mor da falla de iodo na alimentación. O caso agravouse porque ó basear a nosa dieta na inxestión de pouco peixe e un alto consumo de grellos e millo, estes últimos restábanlle iodo ó corpo. Nas zonas da costa non foi endémica esta enfermidade porque as sales de iodo necesarias na dieta están presentes no aire que se respira. Por algunha razón nabo, nabiza e grelo son o tótem alimenticio galego, a Trindade do sustento dos nosos avós.

As crenzas relixiosas mestúranse na gastronomía galega dende que nos ritos pagáns se lle ofrecía comida ás fontes ou árbores. Hoxe ofréceselle exvotos de cera ó santo para curar animais ou dóanxe, para a puxa, capóns, pescadas, xamóns, cabuxas, coellos ou galiñas, coa intención de acadar a intercesión do santo ante Deus. A relación da gastronomía e da alimentación co aspecto relixioso vén da man da superstición. Non hai nin trinta anos que nos funerais cociñábase para todos os asistentes ó velorio e comíase co morto á mesa, de corpo presente no cadaleito co seu prato diante cheo de viandas, e as persoas que axudaban arranxando ó defunto para o entero recibían un grolo de augardente ó rematar o traballo. En Cambados esta comida facíase despois do entero e coñecíase coma o *guiso do pote*. Moitas veces os herdeiros do finado facían un esforzo económico enorme para ofrecer este último banquete ó morto. Enlazando co tema dos defuntos, no magosto existe a crenza de que por cada castaña que se come sae unha ánima do purgatorio.

O pan é alimento sagrado en Galicia. Xa en 1542 o bispo de Mondoñedo Fr. Antonio de Guevara cita o costume de facer unhas cruces coa masa do primeiro pan novo que se coce para pousalas na maseira ou na arca, tendo por certo que así multiplicaríanse e non se estragarían os moletes gardados. Hoxe tamén se lle fai unha cruz na masa para que levede ben, e ata hai poucos anos cando caía ó chan limpábase con coidado, bicábase, e despois de persignarnos comiámolo; se non hai pan e patacas non é comida. Algunha vez se lle ten ofrecido un anaco de masa ó lume agradecéndolle a súa axuda no forno. Da sona do pan galego fóra dá conta Luís Vélez de Guevara na súa novela *El diablo cojuelo* (1641), porque os protagonistas, don Cleofás e o diaño Cojuelo percorrendo Sevilla, “después de haber comido algunos pescados regalados de aquella ciudad y del pan que llaman de gallegos, que es el mejor del mundo”, van durmir a sesta; pode referirse ó tipo de pan, á rúa onde estaba a panadería ou á orixe dos panadeiros.

É innegable o feito diferencial relixioso na cultura, na gastronomía e no acontecer dos galegos, se ben débese diferenciar entre a cociña dos mosteiros e o pote dun cura de

aldea, áinda que ambos tivesen ben abastecidos celeiros, hórreos e adegas, a diferencia do campesiño que llos enchía. Tanta terra en poder dos mosteiros e o feito de ter ata seis tipos de traballos relacionados co xantar no organigrama laboral dos monxes (celeireiro, cociñeiro, camareiro...), fai pensar que os mosteiros eran autosuficientes para acadar provisións: pago de rendas en especie, foros, doazóns. Algún mosteiro chegou a recibir como pago as linguas de baleas que se pescasen na costa lucense, noutros existían criadeiros de troitas e anguías, e os monxes dedicados a recadar estes pagos tiñan o dereito de Yantar, o que implicaba a obriga de alimentalos por parte do aforado cando ían cobrarlle. Nas regras de cada orden tiñan especificado o número de comidas diárias, o menú, días de xaxún e dieta para os enfermos. Gracias a todos estes dereitos os relixiosos foron pioneiros na introducción dalgún cultivo como o pemento, xa que conta a tradición que no mosteiro de Herbón, preto de Padrón (A Coruña) sementáronse por primeira vez en Galicia.



As nosas tradições gastronómicas corren parellas ó ciclo da semenzaire e recolleita e máis dalgún costume relixioso, diferenciándose no alimento representativo da época do ano e desa

festa en concreto. Polo tanto, o organigrama do ciclo anual pódese artellar con: Entroido, Semana Santa, primeiras comuñóns, Coresma, San Xoán, festas patronais, a matanza do porco, vodas e bautizos, verao, vendima, Magosto, Nadal e festas gastronómicas. En canto ó numero de comidas, independentemente da cantidade ou calidade, foron tradicionalmente almorzo, a parba, xantar, merenda e cea, cada unha delas a unha hora establecida.


Da raizame da nosa cociña na mente galega dan conta os nosos mellors escritores e artistas, dende os que esculpiron a empanada na pedra do Pazo de Xelmírez ata Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco, Eduardo Pondal, Julio Camba, Castelao, a Condesa de Pardo Bazán e Manuel Puga (*Picadillo*). Cada un no seu estilo esfola un anaco das tradicións e feitos que explican o porque da nosa actitude na lareira: Cunqueiro, Pardo e Puga transmitíronnos receitas; Otero e Risco apostaron pola etnografía; Camba, Otero e Cunqueiro

foron excelentes comentaristas gastronómicos; Castelao macerou a fame cun humor acedo. Con eles descubrimos trasnos que só comen castañas (Sorisco Falador de Cunqueiro), receitas paradisíacas, costumes do pote esquecidos e recuperados no tempo, refráns e loubanzas ós alimentos, ritos, tabús e supersticións en relación co gastronómico.

Nas perspectivas de futuro da alimentación dos galegos adivínase unha continuidade das tradicións gastronómicas áinda non esquecidas, así coma un auxe da globalización que tenta homoxeneizar a dieta de tódolos europeos. Esta globalización gastronómica intenta deixar de lado a nosa dieta atlántica tradicional para implantar os costumes da comida rápida, os pratos preelaborados para o microondas, os alimentos transxénicos, a comida lixo, en definitiva: preténdese que pasemos menos tempo na cociña coa escusa do ritmo estresante das condicións laborais, tamén globalizadoras, para o cal se nos ofrece coma man de santo uns alimentos pouco nutritivos, sen calidade pero moi presentables, quizais en beneficio das grandes empresas da alimentación. Na contra, cada ano é máis o interese que poñemos para estar ó día na información dietética ou en consumir produtos de máis calidade, de gandería e agricultura ecolóxica, e a ser posible da nosa horta, polo que se están a recuperar especies autóctonas case extinguidas como o porco celta, a galiña de Mos e o millo Corvo, pero xa é menos doado topar algúns producto tradicional da horta, enténdase tirabeques de manteiga, peras urracas, millo branco, chícharos doces, mazás pementa ou tabardilla. Neste senso vótase de menos unha educación alimentaria na escola e algúns publicación especializada nestes temas e centrada en Galiza, xa que non tería perdón a perda do noso potencial xenético culinario que soporta ó esquecemento do arrecendo tradicional da lareira.

Á gandería e o agro galegos quédalles por sufrir máis reestructuracións. Mentres, introducimos especies alleas, moi exóticas, que son rendibles un certo tempo e só para os pioneiros destas explotacións gandeiras, pero sen lles abrir mercados. Daquela, é desexable que o avestruz e a búfala, que produce leite semellante en composición ó da vaca do país, non substitúfan ó porco celta e a rubia galega. Débese ter moi en conta o pulo que acadou en Galiza nos últimos tempos o consumo e cultivo de cogomelos, que xa nos permite cociñar todo o ano exemplares que só podíamos atopar no monte. Caso aparte son os produtores galegos de mel que souberon asociarse para mellorar a producción e consolidarse nun mercado que aprecia a calidade do producto. O consumo de coello de granxa non se estabiliza, quen sabe se pola

cuestión da cor da súa carne ou por falla duna política de mercados, e o galo de curral, o ecolóxico cebado con millo e miñocas, estase a subir no poleiro das preferencias dos chapantes más sibaritas, chapantes que tamén empezan a gozar do *foie gras gallego*; este é un caso semellante ó do cava e o *champagne*. E por fin fóra prexuízo: xa que non consumimos caracois a lo menos criámolos para a exportación cara ó consumidor catalán.



—¿Qué miras?
—Como comen.

Como resposta ó recorte de caladoiros para a nosa flota pesqueira e da mingúa nas capturas nas nosas augas estase a desenrolar unha rede productiva na acuicultura, mariña e de auga doce, con bons resultados. Descubrimos que inverter na investigación de novas fontes de producción de alimentos é moi rendible a medio prazo, sobre todo con especies cunha grande demanda de consumo e con intención de reducir as importacións de marisco irlandés, ameixas e ostras francesas ou salmón noruegués; como contrapunto, dicir que exportamos a tecnoloxía galega das bateas e xa podemos velas por Hong Kong e noutras rías asiáticas criando mexillón, algunha hai en Sudáfrica, pero a calidade da vianda do molusco asiático, ou do africano, é moi inferior ó noso porque cando se enlatan desfanse ó collelos co garfo. A recolleita, consumo e cultivo de algas mariñas están medrando parelllos á demanda do mercado xaponés, o principal consumidor ó que tamén lle enviamos ourizos e pineira por mor do mínimo consumo que facemos deles.

O SÉCULO IX

Por: José Miguel Besada Fernández



O desenrollo dos feitos históricos acaecidos en Galicia arredor do século IX foron determinantes para a súa sociedade. Tanto é así, que a personalidade do pobo, a súa estructura e destino, son consecuencia destes transcedentais sucesos, que se poden resumir en:



Colexiata de Iria Flavia

a) O poder da Igrexa que, aínda que xeral nos reinos cristiáns da Alta Idade Media, en Galicia tivo unha característica diferenciada, ben sexa pola estructura xeográfica, por non tomar unha parte moi activa na Reconquista, porque o poder da Nobreza, ó contrario dos demais reinos cristiáns da península, non era moi forte ou ben porque aínda existía a base administrativa e xurídica do anterior reino suevo que logo foi evolucionando.

b) A dependencia do reino de Asturias, máis tarde León e Castela, que supuxo a perda do contacto, na orde administrativa e cultural, entre o sur de Galicia e norte de Portugal onde a xurisdicción diocesana era Braga; como consecuencia cobraron máis protagonismo as sedes episcopais de Iria – Compostela, Mondoñedo – Lugo e Ourense así como os importantes mosteiros de Sobrado, Samos e Celanova.

O DESCUBRIMENTO DO SEPULCRO DO APÓSTOL

A pesar de que os feitos anteriormente citados foron decisivos para a posterior evolución de Galicia, o descubrimento do Sepulcro do Apóstolo, no primeiro tercio do século IX, marcou o destino do que sería, a partir dessa data, toda a estructura social, espiritual e quizais económica deste país.

A tradición fálanos de que un eremita que vivía nas terras de Iria Flavia, tivo unhas visións de anjos que o iluminaron sobre o sepulcro do Apóstolo. Como consecuencia pónse en contacto co bispo de Iria, Teodomiro, que tomou interese, trasladándose ó suposto lugar onde efectivamente creu que aquel sepulcro era o do Apóstolo.

Ante este transcendental descubrimento, nunha época que foi a más importante do cristianismo, o bispo Teodomiro púxose en contacto co rei astur, Alfonso II, facéndose na zona o primeiro asentamento preurbano construíndo unha igrexa e unha comunidade de monxes, que se encargaron do culto ó Apóstolo. Trasládase a sede episcopal de Iria Flavia, converténdose Compostela en cabeceira de dioceses e residencia episcopal, pasando ó longo dos anos a ser, xunto con Roma e Xerusalén, un dos centros más importantes de devoción e peregrinación da cristiandade.



Torre de A Lanzada



A RÍA DE AROUSA NO SÉCULO IX

Dende o tempo da cultura castrexa, a ría de Arousa xa estaba bastante poboada formando núcleos pequenos, tanto na ribeira do Barbanza como na do Salnés, sen ter unha gran vila dominante nin unha nobreza poderosa e unha sé episcopal como a de Iria Flavia non moi relevante. Non obstante a economía era boa, caracterizándose naquel tempo, como agora, polo desenrollo sostido, compaxinando ben as fontes naturais de riqueza: a agricultura e a pesca, tendo esta unha importante relevancia pola abundancia de sal na zona da Lanzada, o que permitía a exportación de peixe cara a Castela e Portugal.



Torres do Oeste. Catoira

Sen embargo, o descubrimento do sepulcro do Apóstolo e a importancia que ían adquirindo Iria e Compostela, notouse tamén nas rías, principalmente na de Arousa que, pola situación e características, era a comunicación marítima cara a Compostela.

No século VIII as costas europeas vense sometidas a frecuentes incursións con ánimo depredador por flotas musulmáns e, en maior medida, por normandos que, con bos barcos e un gran dominio da arte da navegación, arrasaban, de cando en vez, as costas da ría, remontándose incluso ata o interior para exercer os labores de saqueo.

Ós normandos éralle doadas estas incursións xa que a poboación estaba moi diseminada e non organizada, polo que a única solución que tiñan ante o acoso, era fuxir ó monte, abandonando casas e terreos.

Ante isto a Igrexa e a nobreza tiveron que organizarse para defenderse deste perigo, xa que afectaba directamente ós seus dominios e principalmente a Compostela. Crearon



Torre de San Sadurniño. Cambados

fortalezas nos lugares estratégicos para o aviso e defensa ante estas frequentísimas invasións, como foron as de A Lanzada, San Sadurniño en Cambados e as Torres do Oeste en Catoira que hoxe son testemuñas da época máis transcendental de Galicia.



Romería Viikinga. Torres do Oeste. Catoira

VEN Á RUTA XACOBEA MARÍTIMA

Por: Alumnos de 4ºC do colexio "Rosalía de Castro" de O Grove (2001)

Era un 15 de maio; o día non estaba o suficientemente bo para facer a viaxe, pero a nosa ilusión estaba por riba de toda meteoroloxía.



Alumnos de 4º do colexio "Rosalía de Castro" no barco "Ruta Xacobea".

Saímos do colexio ás 12, xa que era a hora na que o barco podería remontar o río Ulla e facer sen perigo a nosa singradura. Ás 12,45 estabamos todos no barco "CRUCEIROS DO ULLA". Compartiamos excursión con outro colexio de O Grove, o colexio Conmemiño.

A viaxe era interesantísima: ímamos a percorrer a ruta Xacobea Marítimo-Fluvial, nun barco con panorámicas submarinas, seguindo o mesmo itinerario que fixeran os discípulos de Santiago, na súa barca de pedra, ata Iria Flavia, aínda que nós só chegariamos a Pontecesures. Dende alí un autobús recolleríanos e levaríanos ós distintos lugares onde a tradición xacobeira di que estivo o apóstolo predicando.

Ó saír puxemos rumbo cara á Illa de Arousa. Unha guía, da empresa "Turimares", ímanos explicando todo o que acontecía ante os nosos ollos, e mesmo o que non acontecía, xa que falounos de numerosos contos e lendas que nos tiña asombrados a todos.

Navegamos preto da costa do Salnés o que nos permitiu ver, inda que ó lonxe, a Illa de A Toxa, as enormes chemineas das fábricas de barro, o pobo de Cambados,..., tamén pudemos observar, na outra orela, o parque eólico da Serra de Barbanza.

Chegamos á Illa de Arousa e ó pasar por debaixo da ponte, todos nos puxemos de pé intentando tocalo pero, aínda que parecía que estaba baixo, non pudemos conseguilo. Explicáronnos que a Illa de Arousa pertenceu á Mita Compostelán e que foi invadida por piratas e viquingos. O

seus habitantes viven das bateas de mexillón, igual que os de Meloxo en O Grove, e da pesca do Polbo.

Seguimos con rumbo á desembocadura do río Ulla e máis concretamente, cara á illa de Cortegada, que pertence á parroquia de Carril. Puidemos observar o pobo de Vilagarcía e a praia de Compostela.


Cando nos achegábamos a Cortegada, divisamos, pola banda de estribor, unha pequena illa, a Malveira, na que, entre as matogueiras, se podía ollar un cruceiro. A guía explicounos que alí comezaba un viacrucis formado por dezasete cruceiros.

Pasamos moi preto de Cortegada e sobre ela explicáronnos que fora mercada polo pobo de Carril para doala ó rei Alfonso XII, avó do actual rei de España; tamén nos contaron que posúe o maior bosque de loureiros de Europa.

Seguimos navegando, xa polo río e, pasado un pequeno remanso, atopamos un calvario formado por tres cruceiros que forman parte do viacrucis.

Pasado este fermosísimo conxunto escultórico, enfilamos cara ás Torres de Catoira. A marcha do barco faise máis lenta para que a guía poda explicar, con calma, a historia do pobo e das Torres.

Primeiro, observamos, sobre Catoira, uns muíños de vento que, segundo parece, aínda fai uns poucos anos traballaban. Despois as torres, que as mandou construír un



Pasando ó carón das Torres do Oeste. Catoira

ORINCÓN DOS XOVES



bispo de Santiago, chamado Xelmirez, para defender esta importante cidade das invasións viquingas que, en varias ocasións, intentaron achegarse polo río cara a Santiago. Tamén nos contaron que, ó lado das torres daquela, se construíron grandes estaleiros para a construcción de barcos co fin de defenderse contra outros inimigos, como eran os Almorávides. Hoxe en día, no mes de Agosto, celébrase alí unha Festa Viquinga para recordar aqueles feitos.

Pasada a ponte de Catoira seguímo-lo curso do río por unha marabillosa paraxe natural, coñecida como as Brañas de Laíño, nas que, de cando en vez, deixábbase ver algunha ave da que intentamos, con axuda da guía e profesores, saber de que especie se trataba.

Chegamos ó porto de Pontecesures, miramos a ponte de orixe romana e desembarcamos para, dende alí, en autobús, ir a Padrón e con outra guía, dirixirnos a Santiguiño do Monte non sen antes parar na igrexa de Santiago e mirar o "Pedrón", que é un machón de pedra onde, segundo a lenda,

amarraeron a barca de pedra os discípulos que transportaban ó apóstolo, aínda que, segundo explicou logo o noso profesor, trátase: "dun ara solaris romana que ten unha inscrpción que di <NEPTUNO FOROIRIENSES DE SUO POSUERE>".


Dende alí, e despois de pasar pola fonte e santuario do Convento do Carme, subimos ó monte denominado San Gregorio onde se atopa o Santuario de Santiguiño do Monte.

Ermida e Fonte de Santiguiño do Monte

Alí hai unha ermida e unha fonte, onde din que comezou a predicar o Apóstolo Santiago. Hai un grupo de rochas, todas xuntas, por onde nos dixerón que había que pasar se queríamos gañar o ceo. Dixéronos que os nenos tiñamos más facilidade en alcanzar a gloria xa que é difícil que os maiores consigan pasar polos buracos dese conxunto. A un chamábanlle o Inferno, ó outro o Purgatorio e ó último o Ceo; quen o conseguía tiña ganado o Paraíso.

Tamén nos contaron que: "Aquí está a cova onde se agachou dos seus perseguidores, a cama onde durmía, o altar, as escalaeras polas que había que subir de xeonllos e os buracos polos que había que pasar".

Nós en realidade só pasamos polos buracos, así que, pensamos, temos ganado o ceo, aínda que o noso profesor,



Cruceiro e rochas (Inferno, Purgatorio e Ceo)

Celestino, case queda atrapado en un, non daba saído.

Despois fomos a beber á fonte, na que a guía indicounos que tiñamos que baixar por unhas escaleiras, beber na fonte e despois subir polas outras, para ter boa sorte; cousa que fixemos todos.

Rematada a nosa estadía no monte, fomos ata o Museo de Camilo José Cela, onde o pasamos de marabilla ollando todo o que alí hai exposto e, sobre todo, subindo á maquina e ós vagóns do primeiro tren que pasou por Padrón e que o pai de Camilo José Cela foi o fundador.

Así foi a nosa viaxe, despois participamos no Concurso "Ven ó Camiño e ven á Ruta Xacobea". O noso profesor dounos un mundo de ideas e nós intentamos facer o que pudemos. Uns intentamos relatar o que nos pasou ou sentimos durante a viaxe e outros fixeron debuxos. Despois miramos e limos todos e escollemos os que mellor nos pareceron. Logo os profesores escollerón, entre todos, os que coidaron había que mandar.

Tivemos moita sorte, xa que un dos nosos compañeiros acadou un premio, concretamente o terceiro premio para a categoría A (de 8 a 12 anos), polo que conseguiu uns cartiños para el e outros para o colexió á vez, de libros para a Biblioteca do centro. Os premios lle foron entregados polo Conselleiro de Cultura. ¡ Os nosos parabéns !



Bruno Portela recibindo o Premio de mans do Conselleiro de Cultura